

ORDENANZAS FISCAIS 2012

Ordenanza fiscal nº1 – Imposto sobre bens inmobles

Artigo 1. Tipo de gravame.

O tipo de gravame do Imposto sobre Bens Inmobles aplicable neste Concello queda fixado nos termos seguintes:

Bens inmobles urbanos: 0,56%.

Bens inmobles rústicos: 0,73%.

Bens inmobles de características especiais: 1,30%

Artigo 2. Bonificacións.

1. Terán dereito a unha bonificación do 90% na cota íntegra do imposto os inmobles que constitúan o obxecto da actividade das empresas de urbanización, construción e promoción inmobiliaria tanto de obra nova como de rehabilitación equiparable a esta, e non figuren entre os bens do seu inmovilizado.

Para poder obter esta bonificación os interesados deberán presentar unha solicitude antes do inicio das obras, coa que deberán achegar a seguinte documentación:

- copia do recibo do Imposto sobre Bens Inmobles correspondente ao inmovible ao que se refire a solicitude. En caso de que non se dispoña do mesmo, certificación expedida pola Xerencia territorial do catastro da Coruña, na que se faga constar a referencia catastral do referido inmovible.
- certificación do técnico-director das obras de construción, visado polo Colexio Oficial competente, na que se indique a data de comezo das obras.
- documentación acreditativa de que o inmovible para o que se solicita bonificación non figura entre o inmovilizado da empresa: cédula de cualificación provisional no caso de vivendas de protección oficial, fotocopia compulsada do último balance de situación presentado ante Facenda ou certificación do censor xurado de contas no que se faga constar tal circunstancia.
- documentación pola que se acredite que o inmovible para o que se solicita bonificación constitúe o obxecto da empresa de urbanización, construción ou promoción inmobiliaria: fotocopia compulsada dos Estatutos sociais ou fotocopia compulsada da declaración de alta no Imposto sobre Actividades Económicas.

A bonificación concedida só surtirá efectos para o período impositivo seguinte ao inicio das obras, debendo solicitarse expresamente a súa prórroga para os dous períodos seguintes, achegando a documentación que acredite que se seguen cumprindo os requisitos establecidos anteriormente.

2. Terán dereito a unha bonificación do 50% na cota íntegra do imposto, durante os tres períodos impositivos seguintes ao do outorgamento da cualificación definitiva, as vivendas de protección oficial e as que resulten equiparables a estas conforme á normativa da Comunidade Autónoma. Esta bonificación concederase a petición do interesado. A petición poderá efectuarse en calquera momento anterior ao remate dos tres períodos impositivos de duración da mesma e surtirá efectos, no seu caso, desde o período impositivo seguinte a aquel en que se solicite.
3. Terán dereito a unha bonificación do 95% da cota íntegra e, no seu caso, do recargo do imposto ao que se refire o artigo 153 do RD lexislativo 2/2004, os bens rústicos das cooperativas agrarias e de explotación comunitaria da terra, nos termos establecidos na Lei 20/1990, de 19 de decembro, sobre réxime fiscal das cooperativas.
4. Terán dereito a unha bonificación do 90% sobre a cota íntegra aplicable aos bens inmobles de carácter residencial destinados a vivenda habitual e nos que figure como suxeito pasivo quen ostente a condición de titular dunha familia numerosa, sempre que se cumpran ademais os seguintes requisitos:
 - a. que a suma dos valores catastrais de todos os bens inmobles sitos no Termo Municipal de Culleredo, dos que sexan suxeitos pasivos o titular da familia numerosa ou algún dos membros da mesma, non exceda de 100.000 €.
 - b. que a renda da unidade familiar, tendo en conta o número de membros da mesma, non exceda dos límites que figuran no seguinte cadro:

Número de membros da unidade familiar	Importe máximo de renda
3	20.000,00 €
4	30.000,00 €
5	35.000,00 €
6	39.000,00 €
7	42.000,00 €
8	44.000,00 €
9 ou máis	45.000,00 €

Para os efectos de aplicación do cadro anterior, considerarase renda a suma das bases imponibles dos membros da unidade familiar que obteñan rendas suxeitas ao Imposto sobre a Renda de Persoas Físicas.

Os suxeitos pasivos que, cumprindo os requisitos establecidos no apartado anterior, pretendan obter a bonificación regulada neste apartado, deberán presentar unha solicitude antes do 31 de marzo do ano correspondente ao período impositivo en que se pretenda que surta efectos. Coa mesma deberá achegarse a seguinte documentación:

- Copia compulsada de título de familia numerosa expedido polo órgano competente.
- Certificado de empadramento do titular da familia numerosa, referido á situación existente a 31 de decembro do ano inmediato anterior, na que consten os membros da unidade familiar que conviven no inmovible para o que se solicita bonificación.
- Copia compulsada da última declaración do IRPF presentada polo titular da familia numerosa e, no seu caso, por cada un dos membros da unidade familiar que obteña rendas suxeitas ao referido imposto. No caso de non estar obrigados a presentar declaración da renda, achegarán certificado no que conste que non se presentou a mesma e copias compulsadas de nóminas, certificados de retencións ou calquera outro elemento que sirva para a determinación da renda.

A bonificación concedida só surtirá efectos para o período impositivo no que se insta a súa concesión, debendo solicitarse a prórroga nos seguintes períodos impositivos, achegando de novo a documentación que acredite que se seguen cumprindo os requisitos para a súa obtención.

Artigo 3. Exencións.

Gozarán de exención os seguintes bens:

- Os bens inmovibles urbanos, cunha cota líquida que non supere a contía de 3,00 €.
- Os bens inmovibles rústicos, cunha cota líquida que non supere a contía de 10,00 €. Para estes efectos tomarase en consideración, no seu caso, a cota agrupada nun único documento de cobramento de todas as cotas deste imposto relativas a un mesmo suxeito pasivo.

Disposición final.

A presente Ordenanza Fiscal foi aprobada en sesión plenaria celebrada o día 03/10/1989, sendo modificada posteriormente en sesións plenarias celebradas os días 20/11/1990, 07/11/1991, 10/11/1992, 29/06/2003, 09/12/1993, 28/11/1995, 27/11/1996, 25/11/1997, 27/10/1998, 26/10/1999, 07/11/2000, 29/10/2002, 25/02/2003, 28/10/2003, 26/10/2004, 25/10/2005 e 31/10/2006, 01/01/2008. A presente modificación foi aprobada en sesión plenaria de 03/11/2009. Entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia. Comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro de 2010, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Ordenanza fiscal nº2 – Imposto sobre vehículos de tracción mecánica

Artículo 1. Cotas.

As cotas do Imposto sobre vehículos de tracción mecánica serán as resultantes de aplicar ás cotas fixadas no artigo 95 do Real Decreto legislativo 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Facendas Locais, un coeficiente de incremento que queda fixado no 1,784; resultando os seguintes importes:

a) Turismos	
De menos de 8 caballos fiscales	22,50 €
De 8 hasta 11,99 caballos fiscales	60,80 €
De 12 hasta 15,99 caballos fiscales	128,30 €
De 16 hasta 19,99 caballos fiscales	159,85 €
De 20 caballos fiscales en adelante	199,80 €

b) Autobuses	
De menos de 21 plazas	148,60 €
De 21 a 50 plazas	211,65 €
De más de 50 plazas	264,55 €

c) Camiones	
De menos de 1000 kgs. de carga útil	75,45 €
De 1000 a 2999 kgs. de carga útil	148,60 €
De 2999 a 9999 kgs. de carga útil	211,65 €
De más de 9999 kgs. de carga útil	264,55 €

d) Tractores	
De menos de 16 caballos fiscales	31,50 €
De 16 a 25 caballos fiscales	49,55 €
De más de 25 caballos fiscales	148,60 €

e) Remolques y semiremolques arrastrados por vehículos de	
---	--

Tracción mecánica	
De menos de 1000 kgs. de carga útil	31,50 €
De 1000 a 2999 kgs. de carga útil	49,55 €
De más de 2999 kgs. de carga útil	148,60 €

f) Otros vehículos	
Ciclomotores	7,90 €
Motocicletas hasta 125 c.c.	7,90 €
Motocicletas de 125 hasta 250 c.c.	13,50 €
Motocicletas de 250 hasta 500 c.c.	27,00 €
Motocicletas de 500 hasta 1000 c.c.	54,05 €
Motocicletas de más de 1000 c.c.	108,05 €

Artículo 2 . Bonificacións.

1. Os vehículos cunha antigüidade superior a 25 anos, gozarán dunha bonificación na cota do 100%. Os anos de antigüidade contaránse a partir da data de fabricación. Se esta non se coñecese, tomarase como tal o da súa primeira matriculación ou, no seu defecto, a data en que o correspondente tipo ou variante se deixou de fabricar.

2. En relación á incidencia da combustión do carburante empregado no medio ambiente, disfrutará dunha bonificación do 25% na cuota do imposto, en función das características dos motores, sempre que cumpran as seguintes condicións e requisitos:

* Que se trate de vehículos híbridos (motor eléctrico-diesel ou eléctrico-gas) que estean homologados de fábrica, incorporando dispositivos catalizadores, axeitados á súa clase e modelo, que minimicen as emisións contaminantes.

* Que se trate de vehículos que utilicen como combustible biogás, gas natural comprimido, metano, metanol ou hidróxeno.

3. As bonificacións establecidas nos apartados anteriores terán carácter rogado, debendo ser solicitada expresamente polo suxeito pasivo ante o Concello ou ante a Administración na que este teña delegada a xestión tributaria do imposto. Deberá achegarse a seguinte documentación:

* Bonificación en relación coa antigüidade do vehículo: documentación acreditativa da data de primeira matriculación ou certificado de fabricación do vehículo expedido polo fabricante correspondente, no caso da bonificación.

* Bonificación en relación coa incidencia da combustión do carburante no medio ambiente: ficha técnica do vehículo e documentación acreditativa dos requisitos.

4. As bonificacións a que se refire este artigo terán efecto para o exercicio impositivo seguinte a data de presentación da solicitude, non sendo de aplicación ás cotas cuxa obriga necera con anterioridade a esta data. No caso de nova matriculación, a bonificación terá efectos no mesmo período impositivo en que se produza a matriculación si a solicitude se presenta no momento de tramitar a alta no imposto.

Artículo 3. Xestión.

3.1 Altas.

1. No caso de primeiras adquisicións de vehículos ou cando estes se reformen de maneira que altere a súa clasificación para os efectos do presente imposto, os suxeitos pasivos presentarán na oficina xestora correspondente, no prazo de trinta días a contar desde a data de adquisición ou reforma, autoliquidación segundo o modelo determinado por este Concello ou Administración na que este teña delegado a xestión tributaria do imposto.

3.2. Vehículos xa matriculados.

1. No caso de vehículos xa matriculados ou declarados aptos para a circulación, a recadación das correspondentes cotas realizarase mediante o sistema de padrón anual no que figurarán todos os vehículos suxeitos ao imposto que se atopen inscritos no correspondente Rexistro Público a nome de persoas ou entidades domiciliadas neste termo municipal.

2. O padrón anual do imposto expoñerase ao público para que os lexítimos interesados poidan examinalo e, no seu caso, formular as reclamacións pertinentes. A exposición ao público anunciarase no Boletín Oficial da Provincia e producirá os efectos de notificación da liquidación a cada un dos suxeitos pasivos.

Disposición Final.

A presente Ordenanza Fiscal foi aprobada en sesión plenaria celebrada o día 03/10/1989, sendo modificada posteriormente en sesións plenarias celebradas os días 20/11/1990, 07/11/1991, 10/11/1992, 09/12/1993, 30/11/1994, 28/11/1995, 27/11/1996,

23/02/1999, 26/10/1999, 07/11/2000, 27/11/2001, 29/10/2002, 28/10/2003, 26/10/2004, 25/10/2005 e 31/10/2006, 25/09/2007. A presente modificación foi aprobada en sesión plenaria de 03/11/2009. Entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia. Comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro de 2010, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Ordenanza fiscal nº3 – Imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana

Artigo 1. Feito imponible

1. O imposto sobre o Incremento de Valor dos Terreos de Natureza Urbana é un tributo directo que grava o incremento de valor que experimenten estes terreos e se poña de manifesto a consecuencia da transmisión da propiedade dos terreos por calquera título ou da constitución ou transmisión de calquera dereito real de goce, limitativo do dominio, sobre os referidos terreos.

2. Non está suxeito a este imposto o incremento de valor que experimenten os terreos que teñan a consideración de rústicos para efectos do Imposto sobre Bens Inmóveis. En consecuencia con isto, está suxeito o incremento de valor que experimenten os terreos que deban ter a consideración de urbanos, para efectos deste Imposto sobre Bens Inmóveis, con independencia de que estean ou non contemplados como tales no Catastro ou no padrón daquel. Para os efectos deste imposto, estará así mesmo suxeito a este o incremento de valor que experimenten os terreos integrados nos bens inmóveis clasificados como de características especiais para efectos do Imposto sobre Bens Inmóveis.

3. Non se producirá a suxeición ao imposto nos supostos de achegas de bens e dereitos realizados polos cónxuxes á sociedade conxugal, adjudicacións que ao seu favor e no pagamento delas se verifiquen e transmisións que se fagan aos cónxuxes en pagamento dos seus haberes comúns.

Tampouco se producirá a suxeición ao imposto nos supostos de transmisións de bens inmóveis entre cónxuxes ou a favor dos fillos, como consecuencia do cumprimento de sentenzas nos casos de nulidade, separación ou divorcio matrimonial, sexa cal sexa o réxime económico matrimonial.

Artigo 2. Suxeito pasivo.

1. É suxeito pasivo do imposto a título de contribuínte:

a) Nas transmisións de terreos ou na constitución ou transmisión de dereitos reais de goce limitativos do dominio a título lucrativo, a persoa física ou xurídica, ou a entidade a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, que adquira o terreo ou a favor do cal se constituía ou transmita o dereito real de que se trate.

b) Nas transmisións de terreos ou na constitución ou transmisión de dereitos reais de goce limitativos do dominio a título oneroso, a persoa física ou xurídica, ou a entidade a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, que transmita o terreo, ou que constituía ou transmita o dereito real de que se trate.

2. Nos supostos a que se refire o parágrafo b) do apartado anterior, terá a consideración de suxeito pasivo substituído do contribuínte, a persoa física ou xurídica, ou a entidade a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, que adquira o terreo ou a favor do cal se constituía ou transmita o dereito real de que se trate, cando o contribuínte sexa unha persoa física non residente en España.

Artigo 3. Exencións

1. Estarán exentos deste imposto os incrementos de valor que se manifesten como consecuencia dos seguintes actos:

a) A constitución e transmisión de dereitos de servidume.

b) As transmisións de bens que se encontren dentro do perímetro delimitado como Conxunto Histórico- Artístico, o foran declarados individualmente de interese cultural, segundo o establecido na Lei 16/1985, de 25 de xuño, do Patrimonio Histórico Español, cando os seus propietarios ou titulares de dereitos reais acrediten que realizaron ao seu obras de conservación, mellora ou rehabilitación nos mencionados inmóveis. Para estes efectos, a ordenanza fiscal establecerá os aspectos substantivos e formais da exención.

2. Así mesmo, estarán exentos deste imposto os correspondentes incrementos de valor cando a obriga de satisfacer aquel recaia sobre as seguintes persoas ou entidades:

a) O Estado, as comunidades autónomas e as entidades locais, ás que pertenza o municipio, así como os organismos autónomos do Estado e as entidades de dereito público de análogo carácter das comunidades autónomas e destas entidades locais.

b) O municipio da imposición e demais entidades locais integradas ou nas que se integre este municipio, así como as súas respectivas entidades de dereito público de análogo carácter aos organismos autónomos do Estado.

c) As institucións que teñan a cualificación de benéficas ou de benéfico-docentes.

d) As entidades xestoras da Seguridade Social e as mutualidades de previsión social reguladas na Lei 30/1995, de 8 de novembro, de ordenación e supervisión dos seguros privados.

e) Os titulares de concesións administrativas revertibles respecto aos terreos afectos a estas.

f) A Cruz Roja Española.

g) As persoas ou entidades a favor das que se recoñece a exención en tratados ou convenios internacionais.

Artigo 4. Base imponible

1. A base imponible deste imposto está constituída polo incremento do valor dos terreos, posto de manifesto no momento do devengo e experimentado ao longo dun período máximo de 20 anos.

Para efectos da determinación da base imponible, haberá que ter en conta o valor do terreo no momento do devengo, de acordo co previsto nos apartados 2 e 3 deste artigo, e a porcentaxe que corresponda en función do previsto no seu apartado 4.

2. O valor do terreo no momento do devengo resultará do establecido nas seguintes regras:

a) Nas transmisións de terreos, o valor destes no momento do devengo será o que teña determinado nese momento para efectos do Imposto sobre Bens Inmóveis.

Non obstante, cando este valor sexa consecuencia dun relatorio de valores que non reflexe modificacións aprobadas con posterioridade á aprobación do citado relatorio, poderase liquidar provisionalmente este imposto con arranxo a aquel. Nestes casos, na liquidación definitiva aplicarase o valor dos terreos unha vez se obtivese conforme aos procedementos de valoración colectiva que se instrúan, referido á data do devengo. Cando esta data non coincida coa de efectividade dos novos valores catastrais, estes se corruxirán aplicando os coeficientes de actualización que correspondan, establecidos para o efecto nas Leis de orzamentos xerais do Estado.

Cando o terreo, aínda sendo de natureza urbana ou integrado nun ben inmóvil de características especiais, no momento do devengo do imposto, non teña determinado valor catastral nese momento, o concello poderá practicar a liquidación cando o referido valor catastral sexa determinado, referindo ese valor ao momento do devengo.

b) Na constitución e transmisión de dereitos reais de goce limitativos do dominio, as porcentaxes anuais contidas no apartado 4 deste artigo se aplicarán sobre a parte do valor definido no parágrafo a) anterior que represente, respecto daquel, o valor dos referidos dereitos calculado mediante a aplicación das normas fixadas para efectos do Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.

c) Na constitución ou transmisión do dereito a elevar unha ou máis plantas sobre un edificio ou terreo, ou do dereito de realizar a construción baixo solo sen implicar a existencia dun dereito real de superficie, as porcentaxes anuais contidas no apartado 4 deste artigo se aplicarán sobre a parte do valor definido no parágrafo a) que represente, respecto daquel, o módulo de proporcionalidade fixado na escritura de transmisión ou, no seu defecto, o que resulte de establecer a proporción entre a superficie ou volume das plantas a construír no voo ou subsolo e a total superficie ou volume edificadas unha vez que se construíron aquelas.

d) Nos supostos de expropiacións forzosas, as porcentaxes anuais contidas no apartado 4 deste artigo se aplicarán sobre a parte do prezo xusto que corresponda ao valor do terreo, salvo que o valor definido no parágrafo a) do apartado 2 anterior fose inferior, en caso do que prevalecerá este último sobre o prezo xusto.

3. Cando se modifiquen os valores catastrais como consecuencia dun procedemento de valoración colectiva de carácter xeral, se tomará, como valor do terreo, ou da parte deste que corresponda segundo as regras contidas no apartado anterior, o importe que resulte de aplicar aos novos valores catastrais a redución que en cada caso fixen os respectivos concellos. Esta redución aplicarase respecto de cada un dos cinco primeiros anos de efectividade dos novos valores catastrais.

A redución terá como límite mínimo o 40 % e como límite máximo o 60 %, aplicándose, en todo caso, no seu límite máximo nos municipios nos que os concellos non fixen redución algunha. Os concellos podrán fixar un tipo de redución distinto para cada un dos cinco anos de aplicación da redución.

A redución prevista neste apartado non será de aplicación aos supostos nos que os valores catastrais resultantes do procedementos de valoración colectiva a que aquel se refire sexan inferiores aos ata entón vixentes.

O valor catastral reducido en ningún caso poderá ser inferior ao valor catastral do terreo antes do procedemento de valoración colectiva.

4. Sobre o valor do terreo no momento do devengo, derivado do disposto nos apartados 2 e 3 anteriores, aplicarase a seguinte porcentaxe anual:

- a) Período de un ata cinco anos: 3,5
- b) Período de ata 10 anos: 3,1
- c) Período de ata 15 anos: 2,8
- d) Período de ata 20 anos: 2,7

Para determinar a porcentaxe, aplicaranse as regras seguintes:

1.^a O incremento de valor de cada operación gravada polo imposto determinarase con arranxo á porcentaxe anual fixada polo concello para o período que comprenda o número de anos ao longo dos que se puxera de manifesto este incremento.

2.^a A porcentaxe a aplicar sobre o valor do terreo no momento do devengo será o resultante de multiplicar a porcentaxe anual aplicable a cada caso concreto polo número de anos ao longo dos que se poña de manifesto o incremento do valor.

3.^a Para determinar a porcentaxe anual aplicable a cada operación concreta conforme á regra 1.^a e para determinar o número de anos polos que se debe multiplicar esta porcentaxe anual conforme á regra 2.^a, só se considerarán os anos completos que integren o período de posta de manifesto do incremento de valor, sen que para tales efectos poidan considerarse as fraccións de anos dese período.

As porcentaxes anuais fixadas neste apartado poderán ser modificadas polas Leis de orzamentos xerais do Estado.

Artigo 5. Cota tributaria.

1. A cota íntegra deste imposto será a resultante de aplicar á base imponible o tipo do 25%.

2. A cota líquida deste imposto será a resultante de aplicar á cota íntegra as bonificacións que, no seu caso, procedan de acordo co artigo seguinte.

Artigo 6. Bonificacións.

Nos casos en que o incremento do valor se manifeste por causa de falecemento aplicaránse as seguintes bonificacións sobre a cuota en función dos seguintes tramos de valor catastral do solo do inmovible.

Igual o inferior a 2.500 €	95%
Superior a 2.500 € y que no excede de 10.000 €	75%
Superior a 10.000 € y que no excede de 30.000 €	50%
Superior a 30.000 €	15%

As bonificacións establecidas no apartado anterior terán como beneficiarios:

- Ascendentes do causante.
- Descendentes do causante.
- Cónyuge viuvo
- Quen houbera convivido co causante con análoga relación de afectividade a do cónyuge e ademais esté inscrito no Rexistro de Unións de Feito.

Os requisitos para a aplicación das bonificacións serán os seguintes.

- Vivenda habitual do causante o locais de negocio afectos a actividade económica exercida polo causante.
- Para os locais de negocios, o sucesor debe manter a adquisición e exercer a actividade económica durante os cinco anos seguintes, salvo falecemento dentro de ese prazo.

A solicitude da bonificación deberá facerse no prazo de seis meses a contar dende a data de falecemento, prorrogable por outros seis meses, no rexistro xeral do Concello de Culleredo.,

Artigo 7. Devengo.

1. O imposto devéngase:

- a) Cando se transmita a propiedade do terreo, xa sexa a título oneroso ou gratuito, entre vivos ou por causa de morte, na data da transmisión.
- b) Cando se constitúa ou transmita calquera dereito real de goce limitativo do dominio, na data en que teña lugar a constitución ou transmisión.

2. Cando se declare ou recoñeza xudicial ou administrativamente por resolución firme que tivo lugar a nulidade, rescisión ou resolución do acto ou contrato determinante da transmisión do terreo ou da constitución ou transmisión do dereito real de goce sobre aquel, o suxeito pasivo terá dereito á devolución do imposto satisfeito, sempre que ese acto ou contrato non produciase efectos lucrativos e que reclame a devolución no prazo de cinco anos desde que a resolución quedou firme, entendéndose que existe efecto lucrativo cando non se xustifique que os interesados deban efectuar as recíprocas devolucións a que se refire o artigo 1.295 do Código Civil. Aínda que o acto ou contrato non producira efectos lucrativos, se a rescisión ou resolución se declarase por incumprimento das obrigas do suxeito pasivo do imposto, non haberá lugar a devolución algunha.

3. Se o contrato queda sen efecto por mutuo acordo das partes contratantes, non procederá a devolución do imposto satisfeito e se considerará como un acto novo suxeito a tributación. Como tal mutuo acordo se estimará a avinza en acto de conciliación e o simple allanamento á demanda.

4. Nos actos ou contratos en que medie algunha condición, a súa cualificación farase con arranxo ás prescricións contidas no Código Civil. Se fose suspensiva non se liquidará o imposto ata que esta se cumpra. Se a condición fose resolutoria, esixirase o imposto desde logo, a reserva, cando a condición se cumpra, de facer a oportuna devolución segundo a regra do apartado anterior.

Artigo 8. Xestión

Salvo nos casos legalmente establecidos, o imposto esixirase en réxime de autoliquidación. Os suxeitos pasivos estarán obrigados a presentar esta autoliquidación no impreso habilitado para o efecto polo Concello.

Artigo 9. Presentación da declaración liquidación

1.- As declaracións-liquidacións serán suscritas polo suxeito pasivo, que as podrá presentar por sí mesmo ou a través de Xestorías ou Notarías.

2.- Se deben presentar xunto cos documentos que xustifiquen o dereito as exencións e bonificacións, e fotocopia do documento público, acto xudicial, administrativo ou privado no que conste o acto que orixina o imposto.

3.- O ingreso da cuota resultante das declaracións-liquidacións, debe realizarse nos seguintes prazos:

- a) Nas transmisións inter vivos, constitución de dereitos reais e donacións, dentro dos trinta días hábiles seguintes o da data do devengo.
- b) Nas transmisións mortis-causa, dentro do prazo de seis meses contados a partir do día do falecemento do causante, prorrogables ata un ano, previa solicitude do suxeto pasivo efectuada dentro dos seis meses.

Artigo 10.- Alcance da declaración

1.- As declaracións-liquidacións debense efectuar sempre sobre a totalidade de bens inmobles e dereitos sobre eles constituídos que adquira cada suxeto pasivo, sitos no termo municipal, e incluíndo sempre a todos os causahabientes.

2.- O suxeto pasivo poderá solicitar do Concello, a elaboración técnica da declaración-liquidación.

Artigo 11. – Requerimentos a interesados.

O Concello poderá requerir as persoas interesadas:

1.- Que aproten no prazo de trinta días, prorrogables por outros quince a petición do interesado, outros documentos que estime necesarios para levar a efecto a liquidación do imposto, incurrido, aqueles que non atendan os requerimentos formulados dentro de tales prazos, nas infraccións e sancións tributarias correspondentes, en canto ditos documentos foran necesarios para comprobar a declaración.

Si tales documentos só constitúen o medio de probar circunstancias alegadas polo interesado en beneficio exclusivo do mesmo, o incumprimento do requerimento determinará a práctica da liquidación facendo caso omiso das circunstancias alegadas e non xustificadas.

2.- Para que formulen a declaración, sempre que o Concello teña doñecemento da realización dos feitos impositivos que non houberen sido obxecto de declaración, dentro dos prazos sinalados, sen perjuicio das infraccións tributarias nas que se houbera incurrido e das sancións, no seu caso, procedentes.

Si cursados polo Concello ditos requerimentos, os interesados non presentaran a correspondente declaración, instruírase o expediente de oficio, cos datos obrantes no seu poder, practicando a liquidación procedente, con indicación dos prazos de ingreso e expresión dos recursos procedentes, sin perjuicio das infraccións tributarias nas que houbera incurrido e das sancións, no seu caso, procedentes.

Artigo 12. – Obligacións formais de persoas que non son suxeto pasivo.

Independentemente do disposto en artigos anteriores, están igualmente obrigados a comunicar o Concello a realización do feito impositivo nos mesmos prazos que os suxeitos pasivos:

1.- Nas transmisións a título lucrativo sempre que fora producido no negocio jurídico entre vivos, o donante ou a persoa que constituía ou transmitía o dereito real de que se trate-

2.- Nas transmisións a título oneroso, o adquirente ou a persoa a cuio favor se constituía ou transmitía o dereito real de que se trate.

Disposición Final.

A imposición deste tributo foi acordada en sesión plenaria celebrada o día 03/10/1989. A presente Ordenanza Fiscal foi aprobada en sesión plenaria celebrada o día 03/10/1989, sendo modificada posteriormente en sesións plenarias celebradas os días 10/11/1992, 09/12/1993, 28/11/1995, 27/11/1996, 25/11/1997, 27/10/1998, 26/10/1999 e 28/10/2003, 25/10/2005, 31/10/2006 e 25/09/2007. A presente modificación foi aprobada en sesión plenaria de 30/09/2008. Entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia. Comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro de 2009, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Ordenanza fiscal nº4 - Imposto sobre actividades económicas

Artigo 1. Cotas.

Sobre as cotas modificadas pola aplicación do coeficiente de ponderación previsto no RD lexislativo 2/2004, aplicarase a seguinte escala de coeficientes que ponderan a situación física do local, atendendo á categoría da rúa na que radique:

Categoría rúa	Coeficiente de situación
Primeira	2,1
Segunda	2
Terceira	1,8
Cuarta	1,6

A categoría das rúas será a establecida no anexo a esta Ordenanza. As rúas que non aparecen especificadas no mencionado anexo entenderanse de 4ª categoría, ata o Pleno as clasifique.

Artigo 2. Bonificacións.

Ademais das obrigatorias por lei, aplicarase unha bonificación do 50% da cota tributaria, para quen inicie o exercicio de calquera actividade empresarial e tribute por cota municipal, durante os cinco anos de actividade seguintes á conclusión do segundo período impositivo de desenvolvemento de aquela.

Disposición Final.

A presente Ordenanza Fiscal foi aprobada en sesión plenaria celebrada o día 23/12/1991, sendo modificada posteriormente en sesións plenarias celebradas os días 02/06/1992, 10/11/1992, 08/03/1994, 30/11/1994, 28/11/1995, 26/10/1999, 07/11/2000, 29/10/2002, 25/02/2003, 28/10/2003, 31/10/2006, 25/09/2007. A presente modificación foi aprobada en sesión plenaria de 30/09/2008. Entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia. Comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro de 2009, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Anexo.

Establécese a seguinte relación de rúas clasificadas segundo categorías, para a aplicación do índice de situación.

PERTENCENTES Á PRIMEIRA CATEGORÍA:

PARROQUIA DO BURGO: Avenida de Acea da Ma - Rúa Alexandre Bóveda - Rúa Antonio Machado - Rúa Celso Emilio Ferreiro - Avenida da Coruña - Avenida de Galicia - Hersa - Costa da Lonxa - Rúa Pablo Picasso - Rúa Ramón Cabanillas - Avenida de Ribados - Avenida de Rutis - Rúa San Antón - Rúa San Iago - Rúa Sanjurjo de Carricarte - Rúa Visitación de la Encina - Rúa Moncho Reboiras - Paseo Ría do Burgo - Rúa dos Templarios - Rúa Mosteiro de Sobrado - Rúa Elisa Aperribay - Rúa Tierno Galván - Rúa Condes de Traba - Rúa Carcabelos - Rúa Andrés Pan Vieiro - Rúa Fernando Pérez de Traba - Rúa Mosteiro de Carracedo - Paseo de Fernando II - Rúa Alfonso VII - Rúa do Ferrocarril - Rúa Francisco Largo Caballero - Praza Europa - Praza de Galicia - Rúa Pintor Julio Fernandez Argüelles - Avda. Xoan Carlos - Rúa Anxo Senra - Rúa da Colina - Rúa San Manuel - Rúa Conservatorio - Rúa Gumersindo Pereira Nouche - Rúa Jose María Louzán.

PARROQUIA DE RUTIS: Lugar de Fonteculler - Lugar de O Portazgo - Lugar de Acea da Ma - Rúa Alcalde Electo Carballo - Rúa Antón Losada Dieguez - Rúa de Autonomía - Rúa Benito Viceto - Rúa das Brañas - Rúa de Breogán - Rúa de Castelao - Rúa de Conduzo - Avda de Cordeda - Avda de A Corveira - Rúa M. Curros Enriquez - Rúa Dereitos Humanos - Rúa Eduardo Blanco Amor - Rúa Eduardo Pondal - Rúa Estreita - Rúa Federico García Lorca - Avenida de Fonteculler - Rúa Jorge Guillén - Rúa Luis Seoane - Rúa Manuel Murguía - Rúa Otero Pedraio - Rúa Pablo Iglesias - Rúa Pablo Neruda - Rúa Emilia Parado Bazán - Rúa do Pasaxe - Rúa da Paz - Avenida do Portazgo - Paseo do Profesor Tierno Galván - Rúa Rafael Alberti - Rúa Roi Xordo - Rúa Rosalía de Castro - Rúa Salvador Allende - Rúa San Felipe - Rúa do Souto - Rúa Vicente Risco - Avenida de Vilboa - Rúa de Jorge Guillén - Rúa Río de Quintas - Rúa de Manue Antonio - Rúa de Antón Vilar Ponte - Rúa da Xeca - Rúa da Senra - Rúa da Carballeira - Rúa Florentino L. Cuevillas - Rúa Alcalde Domingo Sierra Marcuño - Rúa da Calzada - Rúa dos Irmandiños - Rúa Fonte da Balsa - Rúa de Xafontes - Rúa do Regueiro - Rúa dos Pomares - Rúa O Xesto - Rúa Río Miño - Rúa Río Sil - Rúa Río Tambre - Rúa da Anchouza - Rúa Río Ulla - Rúa Río Eume - Rúa Río Xares - Rúa Río Anllóns - Rúa Río Mandeo - Rúa Río Arnoia - Rúa Río Landro - Rúa Río Xallas - Rúa Médico Agustín Abelaira Galante - Rúa Xoan Montes - Rúa Río da Cova - Rúa Severino Soutullo - Rúa Andrés Gaos - Rúa W Leopoldo Blanco Vila - Praciña de Pascual Veiga - Rúa Alcalde Manuel Lastres Abente - Rúa Neira Vilas - Rúa Martires de Carral - Rúa de San Pedro - Rúa Condes de Lemos - Urbanización Los Alamos - Rúa Amparo López Jean - Rúa Xesus Rey Martínez - Rúa Neira Vilas - Rúa Urbano Luján - Rúa Gómez Pérez das Mariñas - Rúa Alejandro Pérez Luján - Rúa Pepe García "O Sancristán" - Rúa Enrique Regueira - Rúa Dos Gaiteiros - Praza Sagrada Familia - Rúa Blanco Rey - Rúa María Cagiao - Rúa Jose Gómez Bao - Rúa Miramar - Praza Ría - Rúa Irmáns Suárez Ferrín - Rúa Condes de Andrade - Rúa o Castelo - Rúa Mestre Jesús Mejuto Vázquez - Avda do Rueiro - Rúa Canabal - Praza de Santa Gema - Rúa Voces Ceibes - Praza Daniel Rdez Castelao - Rúa Angel del Castillo - Avda Miguel González Garcés - Rúa Río Trabe - Rúa Alvaro Cunqueiro - Rúa Ramón Maseda Reinante - Rúa Pintor Francisco Llorens - Rúa Pintor Laxeiro - Rúa Concepción Arenal - Rúa da Democracia - Rúa da Igualdade - Rúa da Liberdade - Rúa da Fraternidade.

PARROQUIA DE ALMEIRAS: Lugar de Alvedro - Lugar de Choeira - Lugar de Ombre - Lugar de Marisqueira - Lugar da Silva - Lugar da Telva - Lugar de Vigovidín - Rúa Barban - Rúa Enras - Rúa das Catas - Rúa Regueira - Rúa do Pedruco - Rúa dos Pereiros - Rúa Rafael Dieste - Rúa da Choeira - Rúa Ombre - Avenida de Almeiras - Rúa da Telva - Rúa Joaquín Sorolla - Rúa Alba Clérico Solé - Rúa O Campo - Rúa de Antón Gaudí - Continuación da Rochela - Rúa O Carballo - Rúa Ameneiro - Rúa de Vigovidín - Rúa O Laberinto - Camiño da Igrexa - Rúa San Xiao - Rúa dos Pelamios - Rúa da Toxa - Avenida de Alvedro - Rúa Riazor - Rúa Eladio de la Iglesia - Rúa Doldán - Rúa Evaristo Martelo Pauman - Rúa Silva - Praza de San Xiao - Rúa do Bo home - Rúa Últimos de Filipinas - Rúa Alfonso X "O Sabio" - Rúa Arcebispo Xelmírez - Rúa Río Mero - Rúa das Penedas - Rúa Alba - Camiño de Monte Silleiro - Polígono Industrial de Alvedro.

PARROQUIA DE CULLEREDO: Rúa Antonio Varela Noriega - Rúa José Espronceda - Rúa da Granxa - Rúa Canle Bieito.

PARROQUIA DE LEDOÑO: Centro Loxístico de Transportes.

PERTENCENTES Á SEGUNDA CATEGORÍA:

PARROQUIA DE RUTIS: Lugar de Cordeda - Lugar de Castro - Lugar de Conduzo - Lugar da Corveira - Lugar de Laxe - Lugar de Monte das Arcas - Lugar de Monte do Espiño - Lugar de O Carrizo - Rúa de Nabás - Rúa de Castro - Rúa de Penaloureira - Rúa de Cadaval - Rúa Estreita de Castro - Rúa de Baralla - Rúa da Fraga - Rúa do Muiño - Rúa Santa Barbara - Rúa de Laxe - Rúa Penaloureira - Rúa Berdequeiros - Rúa de San Roque - Rúa Virxe da Ó - Rúa Manuel Candamio Fernández.

PARROQUIA DE ALMEIRAS: Lugar de Carcabelos.

PARROQUIA DE CULLEREDO: Lugar de Culleredo - Lugar de Fontemaioir - Lugar da Hermida - Lugar de Liñares - Lugar de Tarrío - Rúa Constitución - Praza da Liberdade - Praza de Maestro Enrique Álvarez - Rúa de Tarrío - Rúa Fonte do Souto - Rúa de Leonzas - Rúa de Toroño - Rúa das Cruces - Rúa O picoto - Avenida de San Miguel - Avenida de Fontemaioir - Rúa Médico Ladrón de Guevara - Rúa do Curro - Rúa de San Estebo - Rúa da Matosiña - Rúa das Paxariñas - Rúa de Liñares - Rúa Cega - Rúa de Lembeye e Artaud - Rúa de San Fernando - Rúa do Alcalde Narciso Pardo - Rúa do Río Chan - Avenida da Hermida - Rúa da Vixia - Rúa do Polvorín - Rúa do Bosque - Rúa Vasco da Ponte - Rúa da Unión - Rúa do Viouteiro - Rúa María Román - Rúa Manuel Andrés Reboredo - Rúa de Mourelos - Rúa Álvaro de Mendaña - Rúa As Reixas - Rúa A Seira - Rúa da Cortiña - Rúa Chaveiros - Rúa Canceán - Rúa do Concello - Rúa José Ramallo - Rúa das Labradas.

PERTENCENTES Á TERCEIRA CATEGORÍA:

PARROQUIA DE CELAS: Lugar de Celas - Lugar de Peiro de Arriba - Lugar de Rumbo - Lugar de Vinseira Grande - Lugar de Vinseira Pequena.

PARROQUIA DE CULLEREDO: Lugar de Toroño - Lugar de Cillobre - Lugar de A Seara - Lugar de Ayán.

PARROQUIA DE LEDOÑO: Lugar de Ledoño.

PARROQUIA DE SÉSAMO: Lugar do Casal - Lugar de Cillobre - Lugar de Cornedo - Lugar de Naveiras - Lugar de Outeiro de Abaixo - Lugar de Outeiro de Arriba - Lugar de O Silvar.

PARROQUIA DE SUEIRO: Lugar de Barrio - Lugar de Fornos - Lugar de Goiente - Lugar de Valiñas - Lugar de O Vilar - Praciña de Moncho Valcarcel - Rúa de San Cosme - Lugar de Os Condes.

PARROQUIA DE VEIGA: Lugar de Peiro de Arriba.

PERTENCENTES Á CUARTA CATEGORÍA:

PARROQUIA DE CASTELO: Lugar de Castelo de Abaixo - Lugar de Donepedre - Lugar de Folgueira - Lugar de Vilaverde - Lugar de Xalo - Lugar de Xian.

PARROQUIA DE CELAS: Lugar de Hermida de Ternande.

PARROQUIA DE ORRO: Lugar de Orro - Lugar de Espiritu Santo.

PARROQUIA DE VEIGA: Lugar de Boedo - Lugar de Bregua - Lugar de Cabana - Lugar de Esfarrapa - Lugar de Lamelas.

Ordenanza fiscal nº5 - Imposto sobre construcións, instalacións e obras

Artigo 1. Feito imponible

1. O Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras é un tributo indirecto cun feito imponible constituído pola realización, dentro do termo municipal, de calquera construción, instalación ou obra para a que se esixa obtención da correspondente licenza de obras ou urbanística, tendo ou non a mencionada licenza, sempre que a súa expedición corresponda ao concello da imposición.

2. Está exenta do pagamento do imposto a realización de calquera construción, instalación ou obra da que sexa dono o Estado, as comunidades autónomas ou as entidades locais, que estando suxeita ao imposto, vaia ser directamente destinada a estradas, ferrocarris, portos, aeroportos, obras hidráulicas, saneamento de poboacións e das súas augas residuais, aínda que a súa xestión se leve a cabo por organismos autónomos, tanto se se trata de obra de inversión nova como de conservación.

Artigo 2. Suxeito pasivo

1. Son suxeitos pasivos deste imposto, a título de contribuíntes, as persoas físicas, persoas xurídicas ou entidades do artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, que sexan donos da construción, instalación ou obra, sexan ou non propietarios do inmovible sobre o que se realice aquela.

Para os efectos previstos no parágrafo anterior terá a consideración de dono da construción, instalación ou obra quen soporte os gastos ou o custo que comporte a súa realización.

2. No suposto de que a construción, instalación ou obra non sexa realizada polo suxeito pasivo contribuínte terán a condición de suxeitos pasivos substitutos do contribuínte quen soliciten as correspondentes licenzas ou realicen as construcións, instalacións ou obras.

O substituto poderá esixir do contribuínte o importe da cota tributaria satisfeita.

Artigo 3. Base imponible, cota e devengo

1. A base imponible do imposto está constituída polo custo real e efectivo da construción, instalación ou obra, e se entende por tal, para estes efectos, o custo de execución material daquela.

Non forman parte da base imponible o IVE e demais impostos análogos propios de réximes especiais, as taxas, prezos públicos e demais prestacións patrimoniais de carácter público local relacionadas, no seu caso, coa construción, instalación ou obra, nin tampouco os honorarios de profesionais, o beneficio

empresarial do contratista nin calquera outro concepto que non integre, estritamente, o custo de execución material.

2. A cota deste imposto será o resultado de aplicar á base imponible o tipo de gravame.

3. O tipo de gravame do imposto será o 3,5%.

4. O imposto devéngase no momento de iniciarse a construción, instalación ou obra, aínda cando non se obtivese a correspondente licenza.

Artigo 4. Xestión.

1. Os suxeitos pasivos estarán obrigados a presentar xunto coa solicitude da licenza, autoliquidación no impreso habilitado para o efecto polo Concello. Para o cálculo da base imponible a determinar na autoliquidación terase en conta o orzamento presentado polos interesados sempre que o mesmo estivese visado polo colexio oficial correspondente cando constituía un requisito preceptivo. Noutro caso a base imponible será determinada polo departamento de Urbanismo.

2. A cantidade ingresada terá a consideración de ingreso a conta da liquidación provisional e, no seu caso, definitiva.

3. Cando se modifique o proxecto da construción, instalación ou obra e tivese un incremento no orzamento, unha vez que se aceptou a modificación pola Administración municipal os suxeitos pasivos deberán presentar

4. autoliquidación complementaria pola diferenza entre o orzamento inicial e o modificado, con suxeición aos prazos, requisitos e efectos indicados nos apartados anteriores.

5. Cando se conceda a licenza preceptiva ou cando, non tendo solicitado, concedido ou denegado aínda a mencionada licenza preceptiva, se inicie a construción, instalación ou obra, practicarase unha liquidación provisional a conta, determinándose a base imponible en función do orzamento presentado polos interesados sempre que o mesmo fora visado polo colexio oficial correspondente.

6. Noutro caso a base imponible será determinada polos técnicos municipais de acordo co custo estimado do proxecto.

7. Á vista das construcións, instalacións ou obras efectivamente realizadas e do custo real efectivo das mesmas, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa, poderá modificar, no seu caso, a base imponible, practicando a correspondente liquidación definitiva e esixindo do suxeito pasivo ou reintegrándolle, no seu caso, a cantidade que corresponda.

Disposición final.

A imposición deste tributo foi acordada en sesión plenaria celebrada o día 27/10/1998. A presente Ordenanza Fiscal foi aprobada en sesión plenaria celebrada o día 27/10/1998, sendo modificada posteriormente en sesións plenarias celebradas os días 26/10/1999, 07/11/2000, 27/11/2001, 29/10/2002, 25/02/2003, 28/10/2003, 27/04/2004, 26/10/2004, 25/10/2005 e 31/10/2006. A presente modificación foi aprobada en sesión plenaria de 25/09/2007. Entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia. Comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro de 2008, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Ordenanza fiscal nº6 – Taxa por expedición de documentos

Artigo 1. Feito imponible.

Constitúe o feito imponible da taxa, a actividade administrativa desenvolvida con motivo da tramitación, a instancia de parte, de toda clase de expedientes e documentos.

Para estes efectos, entenderase tramitada a instancia de parte calquera documentación administrativa que fora provocada polo particular ou redunde no seu beneficio, aínda que non tivera mediado solicitude expresa do interesado.

Non estará suxeita a esta taxa a tramitación de documentos e expedientes necesarios para o cumprimento de obrigas fiscais fronte ao Concello de Culleredo, así como as consultas tributarias, solicitudes de devolución de ingresos indebidos, recursos administrativos contra acordos municipais e todos aqueles que estean gravados por outra taxa municipal.

Artigo 2. Suxeito Pasivo.

Son suxeitos pasivos as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que a normativa tributaria impón o cumprimento de obrigas tributarias, que soliciten, provoquen ou no interese das que redunde a tramitación do documento ou expediente de que se trate.

Artigo 3. Cota tributaria.

A cota tributaria determinarase por unha cantidade fixa sinalada segundo a natureza dos documentos ou expedientes a tramitar de acordo coas seguintes tarifas:

A cota tributaria determinarase por unha cantidade fixa sinalada segundo a natureza dos documentos ou expedientes a tramitar de acordo coas seguintes tarifas:

Certificacións de cualificación urbanística	85,00 €
Expedición de Informes Técnicos ou certificacións dos mesmos	35,00 €
Expedición de Informes emitidos pola Policía Local, certificacións dos mesmos ou copias de atestados policiais, relativos a accidentes de circulación	60,00 €
Expedición de Informes emitidos pola Policía Local, certificacións dos mesmos ou copias de atestados policiais, excepto os relativos a accidentes de circulación	16,50 €
Copias de planos existentes en calquera dependencia municipal, por copia	32,00 €
Busca ou cotexo de documentos de ata tres ou máis anos	32,00 €
Tramitación de expedientes de declaración de ruína en núcleo urbano	1.000,00 €
Tramitación de expedientes de declaración de ruína en núcleo rural	700,00 €
Polo mero recoñecemento do estado dunha finca ou das condicións de seguridade de elementos de construción civil en fincas particulares (muros de cerramento, de contención, postes)	100,00 €
Recoñecemento de condicións de seguridade de naves e galpóns de menos de 50 m2	10,00 €
Recoñecemento de condicións de seguridade de naves de mais de 50 m2	200,00 €
Recoñecemento de condicións de seguridade de vivendas unifamiliares	300,00 €
Recoñecemento de condicións de seguridade de edificacións de vivendas, usos colectivos e outros	300,00 €
Por demarcación de aliñacións e rasantes (ata 10 metros)	50,00€
Por cada metro ou fracción que exceda dos 10 anteriores:	10,00€
<ul style="list-style-type: none"> ● No solo urbano ● No solo rústico 	5,00€
Cando para proceder á demarcación anterior houberse de procederse a unha tira de cordas as cantidades anteriores incrementaríanse en	50,00 €
Por cada solicitude de expropiación forzosa en favor de particulares:	
<ul style="list-style-type: none"> ● Ata 10 hectáreas ● exceso de 10 hectáreas en diante 	0,03€/m2
	0,02€/m2
No caso de que os terreos afectados pola expropiación estean edificadas ou cultivadas multiplicarase o resultado da aplicación das tarifas anteriores polo factor 1,40.	
Satisfarase unha cota mínima de 559,54€, no caso de que a que resulte da liquidación practicada de acordo cos apartados anteriores sexa inferior á citada cifra.	
Bastanteo de poderes e autorizacións	6,56 €

Inscripcións no libro do rexistro de unións non matrimoniais	13,10 €
Por expediente para celebración de vodas civís no Concello	196,64 €
Por Certificacións catastrais descritivas e gráficas referidas a un único inmoble, por documento expedido:	12,80 €
Cando as certificacións descritivas ou gráficas incorporen, a petición do interesado, datos doutros inmobles, a contía incrementarase (por cada inmoble) en:	4,50 €
Por certificacións catastrais literais, por cada documento expedido:	4,50 €
Incrementarase por cada un dos bens inmobles a que se refira o documento en:	4,50 €
Outro tipo de certificacións catastrais distintas ás anteriores:	4,50 €
Por cada certificación expedida polo Secretario xeral deste Concello relativa a actas cuxa data se concrete na correspondente instancia.	4,00 €
Se non se concretase data pero si a referencia ao derradeiro quinquenio, incrementarase por cada quinquenio atrasado	2,00 €
Por cada quinquenio anterior ao derradeiro incrementarase en	2,00 €
Por cada certificación expedida polo Secretario Xeral deste Concello relativa a documentos cuxa data se concrete na instancia e estea referida ao derradeiro quinquenio.	4,00€
Cando se concrete a data e estea comprendida no tempo anterior ao derradeiro quinquenio, incrementarase por cada quinquenio atrasado.	0,50 €
Se non se concretase data pero si a referencia ao derradeiro quinquenio incrementarase en	3,00 €
Por cada quinquenio anterior ao derradeiro incrementarase en	1,00 €
Certificacións do Padrón de habitantes históricos	25,00 €
Certificados de empadramento	2,00 €
Certificacións doutros documentos non comprendidos anteriormente	5,00 €
Dilixencia de compulsa e cotexo de documentos (por cada folla incluída as dúas caras)	1,00 €
Formalización de contratos administrativos:	50,51€
<ul style="list-style-type: none"> ● Cando o importe de adjudicación do contrato non exceda de 6.010,12€..... ● Polo exceso comprendido entre 6.010,13€ e 30.050,61€..... ● Polo exceso comprendido entre 30.050,62€ e 60.101,21€..... ● Polo exceso comprendido entre 60.101,22€ e 152.530,30€..... ● Polo exceso comprendido entre 152.530,31€ e 601.012,10€..... ● Polo que exceda de 601.012,11€..... 	0,38%
	0,13%
	0,08%
	0,04%
	0,02%
Fotograma dixital en CD:	
- Escala 1/3000, 1/8000 o 1/15000	21,15€

Cartografía dixital:	5,29€
<ul style="list-style-type: none"> ● Folla calquera escala, CD..... ● Folla calquera escala, papel..... ● Colección completa de 1/500, papel ou CD..... ● Colección completa de 1/1000, papel ou CD..... ● Colección completa de 1/2000, papel ou CD..... ● Colección completa de 1/5000, papel ou CD..... ● Ortofotomapa a calquera escala..... ● Formatos diferentes a dwg, por folla..... 	5,29€
	100,49€
	322,62€
	195,69€
	100,49€
	folia+orto
	1,06€

Artigo 4. Devengo.

Devéngase a taxa cando se inicie a actuación ou expediente. No caso de solicitude expresa, entenderase iniciada a actuación ou expediente no momento da súa presentación.

Artigo 5. Xestión.

A taxa esixirase en réxime de autoliquidación. No momento da presentación da solicitude, o suxeito pasivo deberá acreditar o pagamento da autoliquidación.

No caso de non existencia de solicitude expresa, a administración municipal poderá practicar e notificar unha liquidación provisional.

Disposición final.

A imposición deste tributo foi acordada en sesión plenaria celebrada o día 27/10/1998. A presente Ordenanza Fiscal foi aprobada en sesión plenaria celebrada o día 27/10/1998, sendo modificada posteriormente en sesións plenarias celebradas os días 26/10/1999, 07/11/2000, 27/11/2001, 29/10/2002, 25/02/2003, 28/10/2003, 27/04/2004, 26/10/2004, 25/10/2005 e 31/10/2006, 25/09/2007, 30/09/2008, 03/11/2009. A presente modificación foi aprobada en sesión plenaria de 28/09/2010. Entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia. Comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro de 2011, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Ordenanza fiscal nº7 – Taxa por autorizacións administrativas de vehículos de aluguer

Artigo 1. Feito imponible.

Constitúe o feito imponible a actividade municipal desenvolvida con motivo da prestación dos servizos que en relación coas licenzas de autotaxis e demais vehículos de aluguer, se sinalan:

- a) Concesión e expedición de licenzas.
- b) Autorización para transmisión de licenzas, cando proceda o seu outorgamento.
- c) Autorización para substitución de vehículos afectos a licenzas, ben sexa este cambio voluntario ou por imposición legal.
- d) Revisión ordinaria ou extraordinaria dos vehículos.
- e) Permiso municipal de conducir. Entenderase prestado o servizo cando se practique a correspondente proba, aínda que se denegara a súa concesión por falla de aptitude do interesado.

Artigo 2. Suxeito pasivo.

Son suxeitos pasivos as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que a normativa tributaria impón o cumprimento de obrigas tributarias, que soliciten, provoquen o no interese das que redunde a tramitación do documento ou expediente de que se trate.

Artigo 3. Cota Tributaria.

A cota tributaria determinarase por unha cantidade fixa sinalada segundo a natureza dos documentos ou expedientes a tramitar, de acordo coas seguintes tarifas:

Concesión e expedición de licenzas de autotaxis	6.948,00 €
---	------------

Concesión e expedición de licenzas de Servizos Públicos de Transporte Lixeiro e Vehículos de carga	786,50 €
Transmisións de licenzas entre vivos	6.948,00 €
Transmisións de licenzas por causa de morte	2.914,00 €
Substitución de vehículos	56,50 €
Revisión vehículos	123,00 €
Renovación e permiso municipal de condutor	33,00 €

Artigo 4. Devengo.

Devéngase a taxa no momento en que se outorgue a licenza ou se presten os restantes servizos previstos nesta ordenanza.

Artigo 5. Xestión.

1. A taxa esixirase en réxime de autoliquidación. O pagamento da autoliquidación deberá ser efectuado con antelación á retirada da licenza ou documento acreditativo dos servizos realizados.
2. A prestación dos servizos previstos nesta ordenanza, a excepción da revisión de vehículos, solicitarase por medio de instancia dirixida a Alcaldía, achegando os documentos que, en cada caso sexan esixibles.
3. A revisión dos vehículos practicarase de oficio e con carácter anual por parte dos servizos técnicos municipais nas datas que se determine.

Disposición final

A imposición deste tributo foi acordada en sesión plenaria celebrada o día 27/10/1998. A presente Ordenanza Fiscal foi aprobada en sesión plenaria celebrada o día 27/10/1998, sendo modificada posteriormente en sesións plenarias celebradas os días 26/10/1999, 07/11/2000, 27/11/2001, 29/10/2002, 25/02/2003, 28/10/2003, 27/04/2004, 26/10/2004, 25/10/2005, 31/10/2006, 25/09/2007, 30/09/2008. A presente modificación foi aprobada en sesión plenaria de 28/09/2010. Entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia. Comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro de 2011, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Ordenanza fiscal nº8 – Taxa por animais potencialmente perigosos

Artigo 1. Feito Imponible.

O feito imponible da Taxa está constituído pola actividade municipal conducente á expedición de licenza, renovación, modificacións e cancelacións con motivo da inscrición no rexistro municipal de animais potencialmente perigosos.

Quedan excluídos da obriga de obtención de licenza municipal aqueles exemplares caninos que foran obxecto de adestramento baixo supervisión directa da ONCE e sexan destinados á guía de persoas invidentes.

Artigo 2. Suxeito pasivo.

Son suxeitos pasivos as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que a normativa tributaria impón o cumprimento de obrigas tributarias, que sexan propietarios dos animais que dean lugar ao feito imponible.

En particular serán suxeitos pasivos os titulares dos establecementos ou asociacións que alberguen animais potencialmente perigosos e se dediquen á súa explotación, cría, comercialización ou adestramento, incluídos os centros de adestramento, criadeiros, centros de recollida, residencias, centros recreativos e establecementos de venda.

Artigo 3. Cota tributaria.

A cota tributaria determinarase por unha cantidade fixa sinalada segundo a natureza dos documentos ou expedientes a tramitar, de acordo coas seguintes tarifas:

Licenza de animais potencialmente perigosos	13,00 €
Renovación licenzas	13,00 €
Inscrición rexistro A.P.P.	13,00 €
Inscrición voluntaria animais de compañía	13,00 €
Modificacións rexistras	2,50 €

Artigo 4. Devengo.

Devéngase a taxa cando se inicie a actuación ou expediente. No caso de solicitude expresa, entenderase iniciada a actuación ou expediente no momento da súa presentación.

Artigo 5. Xestión.

A taxa esixirase en réxime de autoliquidación. No momento da presentación da solicitude, o suxeito pasivo deberá acreditar o pagamento da autoliquidación.

No caso de non existencia de solicitude expresa, a administración municipal poderá practicar e notificar unha liquidación provisional.

Disposición final.

A imposición deste tributo foi acordada en sesión plenaria celebrada o día 24/09/2002. A presente Ordenanza Fiscal foi aprobada en sesión plenaria celebrada o día 24/09/2002. A presente modificación foi aprobada en sesión plenaria de 26/10/2004, 25/10/2005, 31/10/2006, 25/09/2007, 30/09/2008. A presente modificación foi aprobada en sesión plenaria de 28/09/2010. Entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia. Comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro de 2011, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Ordenanza fiscal nº9 – Taxa por retirada, depósito e inmovilización de vehículos

Artigo 1. Feito imponible.

O feito imponible desta taxa está constituído pola prestación de servizo de recepción obrigatoria de:

1. A retirada, traslado e almacenaxe de vehículos que se producirá nos casos previstos na lexislación vixente e, en concreto: cando o requiran as autoridades xudiciais ou administrativas; cando o vehículo se encontre en estado de abandono; cando o vehículo se encontre estacionado na vía pública de forma que perturbe, entorpeza ou obstaculice a circulación pola mesma; cando se produza a inmovilización de vehículos polos axentes da autoridade e transcorran máis de 24 horas sen que o condutor ou o propietario proceda a subsanar as deficiencias e a retirar o mesmo.
2. O enganche da grúa para levar a cabo a retirada do vehículo, aínda que esta non chegue a producirse por presentarse o propietario e condutor do vehículo e solucionar o problema de tráfico ocasionado.
3. A inmovilización de vehículos por medio de cepos ou outros procedementos mecánicos similares para impedir a súa circulación, cando estea previsto nas normas que regulan o estacionamento de vehículos nas vías urbanas, e en concreto se atope estacionado de forma non regulamentaria sen perturbar gravemente a circulación e o seu condutor non estivese presente ou, estando, se negara a retiralo.

Artigo 2. Suxeito Pasivo.

Son suxeitos pasivos as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que a normativa tributaria impón o cumprimento de obrigas tributarias, propietarios dos vehículos que dean lugar ao feito imponible.

Responderán solidariamente co suxeito pasivo, os condutores do vehículo que aparezan como causantes da conduta da que deriva o feito imponible.

Artigo 3. Cota Tributaria.

A cota tributaria determinarase por unha cantidade fixa sinalada segundo a natureza do servizo prestado, de acordo coas seguintes tarifas:

Enganche da grúa sen que se produza a retirada do vehículo	40,00 €
Inmovilización de vehículos	47,00 €
Retirada e traslado ao depósito por cada vehículo	
Motocicletas e vehículos análogos	55,00 €
Vehículos ata 3.000 kgrs	97,50 €
Vehículos de 3.001 ata 5.000 k	122,00 €
Vehículos de máis de 5.000 k de tonelaxe con carga	299,00 €
Depósito de vehículos, por unidade e día ou fracción:	
Motocicletas e vehículos análogos	9,50 €
Vehículos ata 3.000 k	19,00 €
Vehículos de 3.001 ata 5.000 k	39,00 €
Vehículos de máis de 5.000 k de tonelaxe de carga	55,00 €

Artigo 4. Devengo.

1. Excepto no caso indicado no punto 2 deste artigo, devéngase a taxa no momento en que interveñan os axentes municipais co fin de retirar, trasladar ou inmovilizar os vehículos.
2. Na modalidade de depósito, devengarase a taxa e nace a obriga de contribuir desde que o vehículo chega ao local destinado ao seu depósito.

Artigo 5. Xestión.

1. A taxa esixirase en réxime de autoliquidación e será plenamente compatible coas sancións que procedan de acordo coa normativa en vigor.
2. Depósito de Vehículos. Unha vez que se traslade o vehículo ao depósito se cursará comunicación ao titular do mesmo para que se faga cargo do mesmo. A saída do vehículo do depósito deberase autorizar por persoa habilitada para o efecto e os vehículos unicamente poderán ser entregados aos titulares ou persoas autorizadas, previo pagamento da taxa.
3. Inmovilización de vehículos. Os condutores ou propietarios de vehículos inmovilizados solicitarán aos axentes municipais a súa posta en circulación, que só poderá ser levada a cabo previo pagamento da taxa.

Disposición final.

A imposición deste tributo foi acordada en sesión plenaria celebrada o día 27/10/1998. A presente Ordenanza Fiscal foi aprobada en sesión plenaria celebrada o día 27/10/1998, sendo modificada posteriormente en sesións plenarias celebradas os días 29/10/2002 e 28/10/2003, 27/04/2004, 26/10/2004, 25/10/2005, 31/10/2006, 25/09/2007, 30/09/2008, 03/11/2009. A presente modificación foi aprobada en sesión plenaria de 28/09/2010. Entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia. Comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro de 2011, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Ordenanza fiscal nº10 – Taxa por servicios especiales

Artigo 1. Feito imponible.

O feito imponible desta taxa está constituído pola prestación dos seguintes servizos especiais de competencia municipal:

- a) Vixilancia, protección, ordenación e regulación do tráfico, estacionamento de vehículos e calquera outro que sexa motivado pola celebración de espectáculos e esparcementos públicos que pola súa natureza, pola aglomeración de público que os mesmos provoquen ou polas necesidades de ordenar o acceso e saída do público e vehículos, así o esixan.
- b) Condución, vixilancia e acompañamento de transportes pesados, grandes transportes e caravanas a través das vías públicas do Municipio.
- c) Calquera outro servizo que sexa motivado por actividades que esixan a súa prestación, quedando incluídos entre estes, os traballos que xere a invasión da vía pública ou terreos de uso público.

Artigo 2. Suxeito pasivo

Son suxeitos pasivos as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que a normativa tributaria impón o cumprimento de obrigas tributarias, que sexan:

- a) Titulares, empresarios ou organizadores dos espectáculos e esparcementos que motiven a prestación dos servizos especiais.
- b) Propietarios da empresa que realice os servizos de transporte ou, de non estar os vehículos afectos a unha actividade empresarial, os propietarios dos mesmos.
- c) Peticionarios dos demais servizos especiais e quen os provoquen ou resulten beneficiarios dos mesmos, aínda que non os soliciten.

Artigo 3. Cota tributaria.

A cota tributaria determinarase en función dos efectivos persoais e materiais que se usen na prestación de servizo e do tempo investido na mesma, de acordo coas seguintes tarifas

Horario diúrno (de 8:00 h a 20:00 h). Días non festivos nin domingos	
Por policía, bombeiro, funcionario municipal ou persoal laboral dependente do Concello de Culleredo por hora ou fracción:	26,00 €
Por cada vehículo municipal usado por hora ou fracción:	
Automóviles:	41,00 €
Motocicletas:	21,00 €
Camións:	61,00 €
Vehículos especiais:	105,00 €

- Días festivos ou domingos.
As cotas do punto 1 anterior, incrementaranse nun 50%.
- Horario nocturno (de 20:00 h a 24:00 h, e de 0:00 h a 8:00 h)
As cotas dos puntos 1 e 2 anteriores, incrementaranse nun 100%.

Artigo 4. Devengo.

Devéngase a taxa cando se inicia a prestación do servizo. Enténdese iniciada a prestación do servizo cando se resolve positivamente a solicitude do interesado.

Artigo 5. Xestión.

1. Os suxeitos pasivos que motiven a prestación dos servizos regulados nesta ordenanza presentarán un escrito dirixido á Alcaldía determinando día, hora e o lugar en que debe ser prestado o servizo, o seu contido e a súa duración prevista. A petición deberá formularse cunha antelación mínima de oito días.
2. A taxa esixirase en réxime de autoliquidación. O pagamento da autoliquidación deberá efectuarse previamente á realización do servizo.
3. A realización do servizo sen petición expresa previa, deberá ir precedida dun requirimento a quen provoque a situación ou resulte beneficiado pola mesma, e esgotado o prazo pertinente, se procederá á realización do servizo con cargo ao suxeito pasivo, previa liquidación da taxa..
4. O tempo de prestación efectiva dos servizos computarase tomando como momento inicial o da saída dos efectivos dos seus respectivos acuartelamentos e como final o da entrada nos mesmos, unha vez que se conclúe o servizo
5. O material consumible que se use, distinto do necesario para o funcionamento dos vehículos, será aboado polo suxeito pasivo.

Disposición final.

A imposición deste tributo foi acordada en sesión plenaria celebrada o día 27/10/1998. A presente Ordenanza Fiscal foi aprobada en sesión plenaria celebrada o día 27/10/1998, sendo modificada posteriormente en sesións plenarias celebradas os días 26/10/1999, 07/11/2000, 27/11/2001, 29/10/2002, 25/02/2003, 28/10/2003, 27/04/2004, 26/10/2004, 25/10/2005, 31/10/2006, 25/09/2007, 30/09/2008. A presente modificación foi aprobada en sesión plenaria de 28/09/2010. Entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia. Comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro de 2011, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Ordenanza fiscal nº11 – Taxa por asistencia e estancias en establecementos municipais

Artigo 1. Feito imponible.

O feito imponible desta taxa está constituído pola prestación dos servizos de asistencia e estancias en establecementos municipais.

Artigo 2. Suxeito pasivo

Son suxeitos pasivos as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que a normativa tributaria impón o cumprimento de obrigas tributarias, que resulten beneficiarios dos servizos e estancias que constitúen o feito imponible.

Artigo 3. Cota tributaria.

A cota tributaria determinarase de acordo coas seguintes tarifas

* VIVENDAS TUTELADAS MUNICIPAIS DE BENESTAR SOCIAL.

- Vivenda de tránsito para persoas en dificultade social.

Estancia por persoa adulta con aloxamento e manutención completa (€/mes). RPC computable>100% ao 125% do IPREM/mes	218,36 €
Estancia por persoa menor de 18 anos con aloxamento e manutención completa (€/mes). RPC computable>100% ao 125% do IPREM/mes	109,18 €
Estancia por persoa adulta sen manutención (€/mes). RPC computable>100% ao 125% do IPREM/mes	109,18 €
Estancia por persoa menor de 18 anos sen manutención (€/mes). RPC computable>100% ao 125% do IPREM/mes	54,58 €

A renda per cápita (RPC) computarase en función dos ingresos brutos das persoas aloxadas na vivenda

Artigo 4. Obrigas de pagamento.

A solicitude de prestación do servizo supón a orde irrevogable de domiciliación bancaria dos sucesivos recibos mensuais que se presenten ao cobramento ata a baixa no servizo, e se autorizará coa sinatura do solicitante simultaneamente co proceso de solicitude de prestación.

En casos excepcionais, a unidade de xestión poderá autorizar fórmulas de ingreso distintas.

A devolución ou non ingreso de dúas cotas mensuais consecutivas ou tres alternas determinará a interrupción do servizo.

Como consecuencia da alta, o suxeito pasivo darase por notificado das sucesivas liquidacións que se practiquen coas bases que se acordan.

Artigo 5. Xestión.

A xestión da taxa corresponde á seguintes áreas municipais:

- Área de Educación, Igualdade e Formación: Vivenda tutelada para mulleres e os seus fillos e fillas (Casa de Acolida).
- Área de Benestar Social e Promoción económica: Vivenda de tránsito para persoas con dificultades sociais.
As persoas beneficiarias deberán presentar a documentación que se lles requira cada ano independentemente de que varie ou non a taxa, xa que pode variar o tramo de renda na que se atopan.
No caso de se producir o ingreso con posterioridade ao día primeiro de mes, a taxa correspondente ao primeiro mes, calcularase por días de estancia.
De producirse a baixa nun día anterior ao último do mes, a taxa calcularase por días de estancia no caso de avisar cunha semana de antelación. Se non se avisase, a taxa a liquidar será o importe correspondente ao mes completo.
Cómputo de ingresos familiares e cálculo do tramo de renda familiar para aplicación da tarifa correspondente. Denominarase como renda familiar o cómputo de ingresos computados do seguinte modo:
 - Ingresos do beneficiario e do seu cónxuxe, de existir este
 - Ascendentes e descendentes conviventes no primeiro grao, de existir, en liña directa. Dividirase a cantidade total de ingresos entre o número de membros aos que se lles computan ingresos e aqueles outros da unidade familiar que dependan economicamente destes.Computaranse os ingresos dos membros citados, aínda que estes non figuren empadroados no domicilio do solicitante, sendo suficiente a comprobación fidedigna da mencionada convivencia.
Entenderanse como recursos económicos o conxunto de ingresos dos que dispoña a unidade de convivencia antes referida, computados do seguinte xeito:
 - O total de ingresos medios percibidos nos seis meses anteriores á data da solicitude en concepto de retribucións salariais, rendas, pensións, prestacións, axudas, subsidios, subvencións ou calquera outra axuda de carácter económico.
 - Os ingresos medios obtidos durante os 12 meses anteriores á presentación da solicitude, percibidos por actividades profesionais o empresariais.

Disposición final.

A imposición deste tributo foi acordada en sesión plenaria celebrada o día 27/10/1998. A presente Ordenanza Fiscal foi aprobada en sesión plenaria celebrada o día 27/10/1998, sendo modificada posteriormente en sesións plenarias celebradas os días 26/10/1999, 07/11/2000, 27/11/2001, 29/10/2002, 25/02/2003, 28/10/2003, 27/04/2004, 26/10/2004, 25/10/2005, 31/10/2006, 30/09/2008, 03/11/2009. A presente modificación foi aprobada en sesión plenaria de 28/09/2010. Entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia. Comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro de 2011, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Ordenanza fiscal nº13 – Taxa por dereitos de exame

Artigo 1. Feito imponible.

Constitúe o feito imponible da taxa a actividade administrativa desenvolvida con motivo de probas selectivas de acceso ou de promoción aos Corpos e Escalas de funcionarios ou ás categorías de persoal laboral convocadas polo Concello de Culleredo.

Artigo 2. Suxeito pasivo.

Son suxeitos pasivos da taxa as persoas físicas que soliciten a inscrición como aspirantes nas probas selectivas contidas no feito imponible da taxa.

Artigo 3. Cota tributaria.

Exame prazas funcionarios de carreira do grupo A ou persoal laboral fixo do grupo I	118,45 €
Exame para prazas funcionarios de carreira do grupo B ou persoal laboral fixo do grupo II	95,57 €
Exame para prazas funcionarios de carreira do grupo C ou persoal laboral fixo do grupo III.	63,85 €
Exame para prazas funcionarios de carreira do grupo D ou persoal laboral fixo do grupo IV	31,72 €
Exame para prazas funcionarios de carreira do grupo E ou persoal laboral fixo do grupo V	23,90 €

Artigo 4. Devengo.

Devéngase a taxa cando se inicie a actividade. Enténdese iniciada esta actividade coa presentación da solicitude de inscrición nas probas selectivas.

Artigo 5.- Xestión.

1. Xunto coa solicitude debe achegarse un xustificante acreditativo do pagamento dos dereitos de exame.

2. A falta de xustificación do aboamento dos dereitos de exame determinará a exclusión do aspirante. En ningún caso a presentación e pagamento no banco suporá substitución do trámite da presentación, en tempo e forma, da solicitude perante o órgano competente.
3. A contía esixible pola taxa consignarase expresamente nas disposicións que convoquen as probas selectivas.
4. A non presentación ás probas selectivas non dará lugar á devolución da taxa. Si dara lugar a devolución da taxa a exclusión do aspirante do proceso selectivo.

Disposición Final.

A imposición deste tributo foi acordada en sesión plenaria celebrada o día 27/10/1998. A presente Ordenanza Fiscal foi aprobada en sesión plenaria celebrada o día 27/10/1998, sendo modificada posteriormente en sesións plenarias celebradas os días 26/10/1999, 07/11/2000, 27/11/2001, 29/10/2002, 25/02/2003, 28/10/2003, 27/04/2004, 26/10/2004, 25/10/2005, 31/10/2006, 25/09/2007. A presente modificación foi aprobada en sesión plenaria de 30/09/2008. Entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia. Comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro de 2009, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

TAXAS – SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS (311)

Ordenanza fiscal nº14 – Taxa por distribución de auga

Artigo 1. Feito imponible.

O feito imponible da taxa está constituído por:

- a) A actividade municipal tendente a verificar se se dan as condicións necesarias para autorizar o enganche á rede de auga.
- b) A prestación do servizo de subministración de auga.

Artigo 2. Suxeito pasivo.

1. Son suxeitos pasivos en concepto de contribuínte, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que a normativa tributaria impón o cumprimento de obrigas tributarias que sexan:
 - a) No caso sinalado coa letra a) no artigo anterior, o propietario, usufrutuario ou titular de dominio útil do inmovible.
 - b) No caso sinalado coa letra b) no artigo anterior, os ocupantes ou usuarios dos inmovibles beneficiarios deste servizo, calquera que sexa o seu título: propietarios, usufrutuarios, habitacionistas ou arrendatarios, incluso en precario.
2. En todo caso, terá a consideración de suxeito pasivo substituto do contribuínte o propietario do inmovible.

Artigo 3. Cota Tributaria.

A cota tributaria determinarase por unha cantidade resultante da aplicación das seguintes tarifas:

Tramitación administrativa	
Enganches á rede de auga:	34,13 €
Cambios de titularidade:	12,67 €
Abastecemento de auga (Contribuíntes domésticos)	
Cota de dispoñibilidade ao trimestre (27 m ³):	13,80 €
Consumo de auga. Excesos sobre consumo incluído en cota de dispoñibilidade, por m ³ :	0,70 €
Abastecemento de auga (Contribuíntes non domésticos)	
Cota de dispoñibilidade ao trimestre (27 m ³):	15,87 €
Consumo de auga. Excesos sobre consumo incluído en cota de dispoñibilidade, por m ³	0,797 €

Considerarase doméstico o consumo realizado polos aboados no seu domicilio particular.

Artigo 4. Devengo

1. Cota de dispoñibilidade e consumo: o período impositivo coincide co trimestre natural. O devengo prodúcese o primeiro día do período impositivo salvo nos casos de alta no servizo en que o devengo se produce no momento en que se inicie a prestación do servizo. Enténdese iniciada a prestación do servizo cando se conceda a licenza de enganche ou desde que teña lugar o enganche á rede, aínda que non se obtivese a licenza e sen prexuízo do inicio do expediente administrativo que poida instruírse para a súa autorización.
2. Enganches á rede e cambios de titularidade: devéngase a taxa no momento en que se inicie a prestación do servizo. Enténdese iniciada a prestación do servizo cando este sexa solicitado ou desde a data que se utiliza o mesmo sen estar debidamente autorizado e, en consecuencia, desde que se inicie a posibilidade por parte do usuario de utilización do servizo.

Artigo 5. Xestión.

1. **Consumo:** O cobramento das cotas realizarase en liquidacións trimestrais sen que sexa necesaria a notificación das cotas sucesivas que se deriven da declaración de alta, sen prexuízo da remisión do recibo correspondente cos detalles da facturación. O Censo de Contribuíntes do primeiro trimestre aprobarase e exporase ao público para reclamacións dentro do primeiro semestre de cada exercicio económico servindo como notificación colectiva dos vencementos do exercicio. Todo abonado, con independencia do consumo, pagará trimestralmente polo feito de dispoñer do servizo, unha cota mínima denominada cota de dispoñibilidade. Polo feito de abonar esta cota os abonados poderán consumir 27 metros cúbicos trimestrais. Tanto a cota de dispoñibilidade como o consumo que leva consigo será calculada por días, considerando meses de 30 días, cando o devengo da taxa se produza con posterioridade ao primeiro día do trimestre natural.
2. **Enganches á rede e cambios de titularidade:** O contribuínte formulará a oportuna solicitude da actividade indicada, que non se realizará ou tramitará sen que se teña efectuado o pagamento correspondente.

Artigo 6º.- Bonificacións.

1. As familias numerosas de categoría especial terán unha bonificación na taxa por consumo de auga do 50% sobre o consumo non incluído na cota de dispoñibilidade ata un máximo de 33 m³.
2. As familias numerosas de categoría xeral terán unha bonificación na taxa por consumo de auga do 50% sobre o consumo non incluído na cota de dispoñibilidade ata un máximo de 23 m³.
3. A bonificación só será aplicable á vivenda habitual do contribuínte.
4. Os suxeitos pasivos que, cumprindo os requisitos establecidos no apartado anterior, pretendan obter a bonificación regulada neste apartado, deberán presentar unha solicitude antes do 1 de xaneiro do ano correspondente ao período impositivo en que se pretenda que comece a mesma. No caso de alta no servizo, a solicitude de bonificación presentárase conxuntamente coa solicitude de alta. Coa mesma deberá achegarse a seguinte documentación:
 - Copia compulsada de título de familia numerosa expedido polo órgano competente.
 - Certificado de empadramento do titular da familia numerosa, referido á situación existente a 31 de decembro do ano inmediato anterior, na que consten os membros da unidade familiar que conviven no inmovible para o que se solicita bonificación.
5. A bonificación concedida terá efectos durante o ano natural no que se insta a súa concesión, debendo solicitarse a prórroga nos anos sucesivos, achegando a documentación que acredite que se seguen cumprindo os requisitos para a súa obtención.

Disposición final.

A imposición deste tributo foi acordada en sesión plenaria celebrada o día 27/10/1998. A presente Ordenanza Fiscal foi aprobada en sesión plenaria celebrada o día 27/10/1998, sendo modificada posteriormente en sesións plenarias celebradas os días 26/10/1999, 07/11/2000, 27/11/2001, 29/10/2002, 25/02/2003, 28/10/2003, 27/04/2004, 26/10/2004, 25/10/2005, 31/10/2006, 25/09/2007, 30/09/2008. A presente modificación foi aprobada en sesión plenaria de 28/09/2010. Entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia. Comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro de 2011, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Ordenanza fiscal nº15 – Taxa por servicios de alcantarillado

Artigo 1. Feito imponible.

O feito imponible da taxa está constituído por:

- a) A actividade municipal tendente a verificar se se dan as condicións necesarias para autorizar a acometida á rede de sumidoiros municipal.
- b) A prestación dos servizos de evacuación de excretas, augas pluviais, negras e residuais, a través da rede de sumidoiros municipal, e o seu tratamento para depuralas.

Artigo 2. Suxeito pasivo.

Son suxeitos pasivos en concepto de contribuínte, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que a normativa tributaria impón o cumprimento de obrigas tributarias que sexan:

- a) No caso sinalado coa letra a) no artigo anterior, o propietario, usufrutuario ou titular de dominio útil do inmovible.
- b) No caso sinalado coa letra b) no artigo anterior, os ocupantes ou usuarios dos inmoibles beneficiarios destes servizos, calquera que sexa o seu título: propietarios, usufrutuarios, habitacionistas ou arrendatarios, incluso en precario.

En todo caso, terá a consideración de suxeito pasivo substituído do contribuínte o propietario do inmovible.

Artigo 3. Cota Tributaria.

A cota tributaria determinarase por unha cantidade resultante da aplicación das seguintes tarifas:

Cota de dispoñibilidade por trimestre (27m ³ de subministración de auga)	7,02 €
Prestación de servizo. Por metro cúbico facturado ao usuario por subministración de auga, tendo en conta unicamente os metros cúbicos que excedan dos incluídos na cota de dispoñibilidade.	0,305 €

Acometida á rede de sumidoiros.	79,40 €
Cambios de titularidade.	14,25 €

Artigo 4. Devengo

1. Cota de dispoñibilidade e Prestación do servizo de evacuación: o período impositivo coincide co trimestre natural. O devengo prodúcese o primeiro día do período impositivo salvo nos caso de alta no servizo en que o devengo se produce no momento en que se inicie a prestación do servizo. Enténdese iniciada a prestación do servizo cando se conceda a licenza de acometida ou desde que teña lugar a efectiva acometida á rede, aínda que non se obtivese a licenza e sen prexuízo do inicio do expediente administrativo que poida instruírse para a súa autorización.
2. Acometida á rede de sumidoiros e cambios de titularidade: devéngase a taxa no momento en que se inicie a prestación do servizo. Enténdese iniciada a prestación do servizo cando este sexa solicitado ou desde a data que se utiliza o mesmo sen estar debidamente autorizado e, en consecuencia, desde que se inicie a posibilidade por parte do usuario de utilización do servizo.

Artigo 5. Xestión.

1. Cota de dispoñibilidade e prestación do servizo de evacuación: estes servizos teñen carácter obrigatorio para todos os terreos do Municipio que teñan fachada a rúas, prazas ou vías públicas en que exista rede de sumidoiros, sempre que a distancia entre a rede e o predio non exceda de 100 m e se devengará a taxa aínda cando os interesados non procedan a efectuar a acometida. O cobramento das cotas realizarase en liquidacións trimestrais sen que sexa necesaria a notificación das cotas sucesivas que se deriven da declaración de alta, sen prexuízo da remisión do recibo correspondente cos detalles da facturación. O Censo de Contribuintes do primeiro trimestre aprobarase e exporase ao público para reclamacións dentro do primeiro semestre de cada exercicio económico servindo como notificación colectiva dos vencementos do exercicio. Todo abonado, con independencia dos metros cúbicos facturados por subministración de auga, pagará trimestralmente polo feito de dispoñer do servizo, unha cota mínima denominada cota de dispoñibilidade. Dentro desta cota de dispoñibilidade inclúese a cota por prestación do servizo de evacuación correspondente a 27 metros cúbicos trimestrais. Cando o devengo da taxa se produza con posterioridade ao primeiro día do trimestre natural, tanto a cota de dispoñibilidade como os metros cúbicos de prestación do servizo incluído nela, serán calculados por días, considerando meses de 30 días,.
2. Acometida á rede de sumidoiros e cambios de titularidade: O contribuínte formulará a oportuna solicitude da actividade indicada, que non se realizará ou tramitará sen que se teña efectuado o pagamento correspondente.

Artigo 6º.- Bonificacións.

1. As familias numerosas de categoría especial terán unha bonificación na taxa por servizos de rede de sumidoiros do 50% sobre o consumo de auga non incluído na cota de dispoñibilidade ata un máximo de 33 m³.
2. As familias numerosas de categoría xeral terán unha bonificación na taxa por servizos de rede de sumidoiros do 50% sobre o consumo de auga non incluído na cota de dispoñibilidade ata un máximo de 23 m³.
3. A bonificación só será aplicable á vivenda habitual do contribuínte.
4. Os suxeitos pasivos que, cumprindo os requisitos establecidos no apartado anterior, pretendan obter a bonificación regulada neste apartado, deberán presentar unha solicitude antes do 1 de xaneiro do ano correspondente ao período impositivo en que se pretenda que comece a mesma. No caso de alta no servizo, a solicitude de bonificación presentarse conjuntamente coa solicitude de alta. Coa mesma deberá achegarse a seguinte documentación:
 - Copia compulsada de título de familia numerosa expedido polo órgano competente.
 - Certificado de empadramento do titular da familia numerosa, referido á situación existente a 31 de decembro do ano inmediato anterior, na que consten os membros da unidade familiar que conviven no inmovible para o que se solicita bonificación.
6. A bonificación concedida terá efectos no ano natural no que se insta a súa concesión, debendo solicitarse a prorroga nos anos sucesivos, achegando a documentación que acredite que se seguen cumprindo os requisitos para a súa obtención.

Disposición final.

A imposición deste tributo foi acordada en sesión plenaria celebrada o día 27/10/1998. A presente Ordenanza Fiscal foi aprobada en sesión plenaria celebrada o día 27/10/1998, sendo modificada posteriormente en sesións plenarias celebradas os días 26/10/1999, 07/11/2000, 27/11/2001, 29/10/2002, 25/02/2003, 28/10/2003, 27/04/2004, 26/10/2004, 25/10/2005, 31/10/2006, 25/09/2007, 30/09/2008. A presente modificación foi aprobada en sesión plenaria de 28/09/2010. Entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia. Comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro de 2011, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Artigo 1. Feito imponible.

O feito imponible desta taxa está constituído pola actividade municipal tendente a verificar se os actos de edificación e uso do solo se axustan ás normas urbanísticas.

Artigo 2. Suxeito Pasivo.

1. Son suxeitos pasivos, en concepto de contribuínte, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que a normativa tributaria impón o cumprimento de obrigas tributarias que sexan donos da construción, instalación ou obra, sexan ou non propietarios do inmovible sobre o que se realice aquela. Terá consideración de dono da construción, instalación ou obra quen soporte os gastos ou o custo que comporte a súa realización..
2. Son suxeitos pasivos, en concepto de substituto do contribuínte, quen solicite a correspondente licenza ou realice a construción, instalación ou obra.

Artigo 3. Base imponible.

A base imponible está constituída pola natureza e no seu caso, orzamento e superficie, da actividade que dea lugar ao feito imponible.

Artigo 4. Cota tributaria.

A cota tributaria determinarase por unha cantidade resultante da aplicación das seguintes tarifas:

Obras menores, non necesitadas de proxecto técnico, cun orzamento de execución material non superior a 3.005,06 €	32,90 €
Obras menores, non necesitadas de proxecto técnico, cun orzamento de execución material comprendido entre 3.005,07 € e 6.010,12€	50,00 €
Obras menores, non necesitadas de proxecto técnico, cun orzamento de execución material comprendido entre 6.010,13 € e 12.020,24€	100,00 €
Obras menores, non necesitadas de proxecto técnico, cun orzamento de execución material comprendido entre 12.020,25 € e 18.030,36€	150,00 €
Instalacións nas que sexa necesario Proxecto Técnico e non supere o orzamento de execución material os 6.010,12€	180,00 €
Instalacións nas que sexa necesario Proxecto Técnico e non supere o orzamento de execución material os 12.020,24€	210,00 €
Instalacións nas que sexa necesario Proxecto Técnico e non supere o orzamento de execución material os 18.030,36€	240,00 €
Instalacións nas que sexa necesario Proxecto Técnico e supere o orzamento de execución material os 18.030,37€	300,00 €
Licenzas de parcelamento, segregación etc. Por cada unidade parcelada	52,79 €
Movimentos de terras ata 50 Tm	135,00 €
Movimentos de terras superiores a 50Tm	270,00 €
Tala de árbores	60,00 €
Proxectos de obra nova ou rehabilitación de vivendas unifamiliares	836,73 €
Reformas, ampliacións e acondicionamentos de vivendas e locais	836,73 €
Construción e ampliación de naves e establecementos industriais, comerciais ou deportivos, por m ² construído	2,13 €

Proxectos de obra nova ou rehabilitación de vivendas plurifamiliares, por m ² construído	4,69 €
Obras de conservación e mantemento, demolicións e outras asimiladas a estas	744,26 €
Licenzas de Primeira Ocupación de Vivendas e Locais, por cada local	176,59 €
Licenzas de edificación para establecementos hostaleiros, sanitarios e turísticos en xeral, por m ² construído	4,69 €
Licenzas para colocación de carteis visibles desde a vía pública, por m ²	18,63 €

Artigo 5. Devengo.

1. Devéngase a taxa cando se inicie a actividade municipal que constitúe o feito imponible. Entenderase iniciada esta actividade na data de presentación da solicitude da licenza urbanística, se o suxeito pasivo fórmulase expresamente esta.
2. Cando as obras se iniciaran ou executaran sen ter a oportuna licenza, a taxa devengarase cando se inicie efectivamente a actividade municipal conducente a determinar se a obra en cuestión é ou non autorizable, con independencia do inicio do expediente administrativo que poida instruírse para a autorización desas obras ou demolición se non foran autorizables.

Artigo 6. Xestión.

1. A taxa esixírase en réxime de autoliquidación. Os suxeitos pasivos virán obrigados a presentar esta autoliquidación no impreso habilitado para o efecto polo Concello. No momento de solicitude da concesión da licenza, deberá acreditarse o pagamento da autoliquidación.
2. Cando se produza unha modificación da base imponible que supoña un incremento da cota tributaria, os suxeitos pasivos deberán presentar autoliquidación complementaria pola diferenza.
3. Cando as obras se iniciaran ou executaran sen ter a oportuna licenza ou cando os suxeitos pasivos non tiveran aboado a correspondente autoliquidación pola taxa, nos prazos anteriormente sinalados ou se tivera presentado e aboado aquela por cantidade inferior á cota que resulte do orzamento achegado, a Administración municipal poderá practicar e notificar unha liquidación provisional.
4. A obriga de contribuír, unha vez que naceu, non se verá afectada en modo algún pola denegación da licenza solicitada ou pola concesión desta condicionada á modificación do proxecto presentado, nin pola renuncia ou desestímulo do solicitante unha vez que se concedeu a licenza.
5. A tramitación de novas licenzas por caducidade dunha anterior, devengará unha nova taxa.
6. Os dereitos por concesión de prórrogas fíxanse no 2% do orzamento das obras que falten por executar.

Disposición final.

A imposición deste tributo foi acordada en sesión plenaria celebrada o día 27/10/1998. A presente Ordenanza Fiscal foi aprobada en sesión plenaria celebrada o día 27/10/1998, sendo modificada posteriormente en sesións plenarias celebradas os días 26/10/1999, 07/11/2000, 27/11/2001, 29/10/2002, 25/02/2003, 28/10/2003, 27/04/2004, 26/10/2004, 25/10/2005, 31/10/2006, 25/09/2007, 30/09/2008. A presente modificación foi aprobada en sesión plenaria de 28/09/2010. Entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia. Comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro de 2011, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Ordenanza fiscal nº17 – Taxa por outorgamento de licenzas de aperturas de establecementos [así como pola realización de actividade de verificación do cumprimento dos requisitos establecidos na lexislación sectorial cando se trate de actividades non suxeitas a autorización ou control previo.](#)

Artigo 1. Feito imponible.

O feito imponible desta taxa está constituído pola actividade municipal tendente a verificar se os establecementos industriais e mercantís reúnen as condicións esixidas para o outorgamento da licenza de apertura de establecementos ou os requisitos establecidos na lexislación sectorial cando se trate de actividades non suxeitas a autorización ou control previo.

Para tal efecto, terá a consideración de apertura:

- a) A instalación por vez primeira do establecemento para dar comezo ás súas actividades.
- b) A variación ou ampliación da actividade ou a ampliación a outras actividades.
- c) Os cambios de titularidade dos establecementos por calquera causa, incluídos os cambios de denominación social.

Artigo 2. Suxeito Pasivo.

Son suxeitos pasivos as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que a normativa tributaria impón o cumprimento de obrigas tributarias, que sexan titulares da actividade que se pretende desenvolver ou, no seu caso, se desenvolvan en calquera establecemento industrial ou mercantil.

Artigo 3. Cota tributaria.

1. A cota tributaria determinarase por unha cantidade resultante da aplicación das seguintes tarifas:

Nos casos en que o orzamento de instalación non supere os 6.000,00 €: importe sinalado mais o 100% da cuota mínima municipal que lle corresponda pola aplicación das tarifas do Imposto sobre Actividades Económicas.	224,20 €
Nos casos nos que o orzamento se encuentre entre os 6.000,01 e os 30.000,00 €: importe sinalado mais o 100% da correspondente cota do Imposto sobre Actividades Económicas, excluindo os recargos no seu caso.	852,64 €
Nos casos nos que o orzamento supere os 30.000,00 €: importe sinalado mais o 100% da correspondente cota do Imposto sobre Actividades Económicas, excluindo os recargos no seu caso.	937,90 €
Cambios de titularidade, ou calquera outro suposto de tramitación equivalente que non requira informes técnicos.	108,15 €

Nos supostos de exención no Imposto sobre Actividades Económicas, terase en conta a cota que lle correspondería segundo o epígrafe ao que pertenza.

Cando nun establecemento se exercesen varias actividades comprendidas en diferentes epígrafes, tomarase a suma das diferentes cotas para a aplicación deste coeficiente.

Cando se trate de actividades que tributen por cota provincial ou nacional, tomarase o 10% ou o 2% das cotas resultantes, respectivamente.

Artigo 4. Devengo.

1. Devéngase a taxa cando se inicie a actividade municipal que constitúe o feito imponible. Entenderase iniciada esta actividade na data de presentación da solicitude da licenza, se o suxeito pasivo formulase expresamente esta.
2. Cando a apertura tivese lugar sen ter a oportuna licenza, a taxa devengarase cando se inicie efectivamente a actividade municipal conducente a determinar se o establecemento reúne ou non as condicións esixibles, con independencia do inicio do expediente administrativo que poida instruírse para autorizar a apertura do establecemento ou decretar o seu peche, se non fose autorizable esta apertura.

Artigo 5. Xestión.

1. A taxa esixírase en réxime de autoliquidación. Os suxeitos pasivos virán obrigados a presentar esta autoliquidación no impreso habilitado para o efecto polo Concello. No momento de solicitude da concesión da licenza, no caso de ser esta necesaria, ou no de presentación do escrito de comunicación previa ou de solicitude de autorización previa, deberá acreditarse o pagamento da autoliquidación.

2. Cando tivese lugar a apertura sen ter a oportuna licenza, no caso de ser esta esixible, ou cando os suxeitos pasivos non tivesen aboado a correspondente autoliquidación pola taxa, nos prazos anteriormente sinalados ou se tivese presentado e aboado aquela por cantidade inferior, a Administración municipal poderá practicar e notificar unha liquidación provisional.

3. A obriga de contribuír, unha vez que naceu, non se verá afectada en modo algún pola denegación da licenza solicitada ou pola concesión desta condicionada á modificación do proxecto presentado, ou polo resultado negativo da actividade de verificación do cumprimento dos requisitos establecidos nin pola renuncia ou desestimento do solicitante unha vez que se concedeu a licenza ou se verificou o cumprimento dos requisitos..

4. Non obstante, no caso de desestimento formulado polo solicitante con anterioridade á concesión da licenza ou a realización da actividade de verificación do cumprimento dos requisitos establecidos procederá á devolución do 60% da cota.

5. Consideraranse caducadas as licenzas se, despois de concedidas transcorren máis de seis meses sen que se producise a apertura dos locais ou, se despois de abertos, cerrasen novamente por un período superior a seis meses consecutivos salvo nos casos de forza maior. Presumírase que existe esta circunstancia en tanto non transcorran os prazos concedidos para a terminación das obras do edificio ou local en que se vaia situar o establecemento.

Disposición final.

A imposición deste tributo foi acordada en sesión plenaria celebrada o día 27/10/1998. A presente Ordenanza Fiscal foi aprobada en sesión plenaria celebrada o día 27/10/1998, sendo modificada posteriormente en sesións plenarias celebradas os días 26/10/1999, 07/11/2000, 27/11/2001, 29/10/2002, 25/02/2003, 28/10/2003, 27/04/2004, 26/10/2004, 25/10/2005 e 31/10/2006, 25/09/2007. A presente modificación foi aprobada en sesión plenaria de 28/09/2010. Entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia. Comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro de 2011, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derrogación expresa.

TAXAS – UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL (32)

Ordenanza fiscal nº18 – Taxa por entradas de vehículos a través das beirarrúas e reservas da vía pública

Artigo 1. Feito Imponible.

Constitúe o feito imponible desta taxa, a utilización privativa ou o aproveitamento especial do solo do dominio público local mediante as entradas de vehículos a través das beirarrúas e reservas de vía pública para aparcadoiro exclusivo, parada de vehículos, carga e descarga de mercadorías de calquera clase.

Artigo 2. Suxeito Pasivo.

Son suxeitos pasivo a título de contribuínte, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que a normativa tributaria impón o cumprimento de obrigas tributarias que soliciten ou resulten beneficiadas pola utilización ou o aproveitamento especial do dominio público local obxecto do feito imponible.

Son suxeitos pasivos a título de substituto do contribuínte, os propietarios dos predios e locais a que dean acceso estas entradas de vehículos, quen poderán repercutir, no seu caso, as cotas sobre os respectivos beneficiarios.

Artigo 3. Base imponible.

A base imponible desta taxa está constituída por:

- a) Nas entradas de vehículos, a lonxitude da entrada e a superficie do local ao que dá acceso.
- b) Nas reservas permanentes, a lonxitude do espazo reservado.
- c) Nas reservas temporais, a superficie ocupada e a duración do uso.

Artigo 4. Cota Tributaria.

A cota tributaria determinarase de acordo coas seguintes tarifas:

Entradas de vehículos a través das beirarrúas, por m lineal ou fracción, de entrada ou paso, ao ano	
Locais de ata 100 m ² :	10,72 €
Locais de 101 ata 250 m ² :	26,84 €
Locais de 251 ata 500 m ² :	51,24 €
Locais de 501 ata 1000 m ² :	76,16 €
Locais de 1001 ata 1500 m ² :	102,69 €
Locais de máis de 1500 m ² :	205,64 €
Reservas permanentes	
Reservas permanentes de espazo 24 horas, por m lineal ou fracción de entrada ou paso, ao ano:	51,24 €
Reservas permanentes con horario limitado, por m lineal ou fracción de entrada ou paso, ao ano:	15,24 €
Placas sinalización	
Placas sinalización	28,04 €

Artigo 5. Período impositivo e nacemento da obriga de pagamento

1. O período impositivo coincide co ano natural, salvo no caso da concesión da licenza. Neste caso o período impositivo comezará o día en que se produza a devandita autorización ou a efectiva ocupación, en caso de non ter licenza.
2. O nacemento da obriga de pagamento (devengo) prodúcese o primeiro do período impositivo.

3. O importe das cuotas prorratearase por trimestres naturais nos casos da concesión da licenza.

Artigo 6. Xestión.

1. O pagamento da taxa realizarase:
 - a) No caso de concesións de novas licenzas, antes da retirada das mesmas.
 - b) No caso de licenzas xa concedidas, unha vez que se inclúen nos padróns ou matrículas anuais desta taxa, nos lugares e períodos que se sinalen para esta clase de tributos.
2. Unha vez que se conceda e se non se determinou con exactitude a súa duración, entenderase prorrogada ata que se presente a declaración de baixa polos interesados. A presentación da baixa surtirá efectos a partir do primeiro día do seguinte ano.
3. Outorgarase licenza de Reserva da Vía Pública permanente as 24 horas, para acceso a inmobles, nos seguintes casos:
 - a) Garaxes privados ou de comunidades de propietarios con máis de oito vehículos.
 - b) Garaxes públicos con capacidade superior a oito prazas e talleres con cabida superior a oito vehículos sempre e cando acrediten que prestan servizos permanentes de urxencia.
 - c) Gasolineiras, estacións de servizo, venda de carburantes.
 - d) Edificios ou instalacións de equipamento comunitario ou de carácter sanitario: hospitais e ambulatorios.
 - e) Outros casos nos que proceda atendendo á actividade desenvolvida, emprazamento, intensidade do tráfico e, en xeral, utilidade pública da instalación. Esixirase informe previo da Policía local, sendo o seu outorgamento facultade da Alcaldía ou concelleiro delegado correspondente.
4. Outorgarase licenza de Reserva da Vía Pública permanente con horario limitado de 9:00 a 14:00 horas e de 16:00 a 20:00 horas, con excepción de domingos e festivos, ás seguintes actividades:
 - a) Talleres con capacidade inferior a oito vehículos ou que, tendo capacidade superior, non xustifiquen que prestan servizo permanente de urxencia.
 - b) Concesionarios de automóviles, compra-venda de vehículos usados e aluguer de vehículos sen condutor.
 - c) Outras actividades de características análogas.
5. O outorgamento da licenza regulada nesta ordenanza esixirá a instalación, no exterior do inmovible, dunha placa de sinalización axustada a modelo oficial, que será facilitado polo Concello previo aboamento da taxa correspondente.
6. O titular da Licenza de Reserva de Espazo ten o dereito fundamental de acceder e saír co vehículo do inmovible, podendo solicitar os servizos da Policía local se no acceso existe algún impedimento, sempre que isto ocorra no horario autorizado.
7. As licenzas poderán ser revogadas pola autoridade que as ditou, nos seguintes casos:
 - a) Por ser destinadas a fin distinto para o que foron outorgadas.
 - b) Por non aboar a taxa anual correspondente.
 - c) Por incumprir as condicións relativas aos horarios ou carecer da sinalización adecuada.
 - d) Por causas motivadas en relación co tráfico ou circunstancias da vía pública.
 - e) Por cesamento do uso ou da actividade da empresa.

Disposición final

A imposición deste tributo foi acordada en sesión plenaria celebrada o día 27/10/1998. A presente Ordenanza Fiscal foi aprobada en sesión plenaria celebrada o día 27/10/1998, sendo modificada posteriormente en sesións plenarias celebradas os días 26/10/1999, 07/11/2000, 27/11/2001, 29/10/2002, 25/02/2003, 28/10/2003, 27/04/2004, 26/10/2004, 25/10/2005 e 31/10/2006, 25/09/2007, 03/11/2009. A presente modificación foi aprobada en sesión plenaria de 28/09/2010. Entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia. Comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro de 2011, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Ordenanza fiscal nº20–Taxa por utilización privativa ou aproveitamento especial dominio público local

Artigo 1. Feito Imponible.

Constitúe o feito imponible desta taxa, a utilización privativa ou o aproveitamento especial do solo, subsolo e voo do dominio público local.

Artigo 2. Suxeito Pasivo.

Son suxeitos pasivos as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que a normativa tributaria impón o cumprimento de obrigas tributarias que soliciten ou resulten beneficiadas pola utilización ou o aproveitamento especial do dominio público local.

Artigo 3. Base imponible.

A base imponible desta taxa está constituída pola magnitude do dominio público local, medido en distintas unidades segundo os casos, que sexa obxecto de utilización privativa ou aproveitamento especial.

Artigo 4. Cota Tributaria.

A cota tributaria determinarase de acordo coas seguintes tarifas:

Utilización privativa ou aproveitamentos especiais a favor de empresas explotadoras de servizos de subministracións que resulten de interese xeral ou afecten á xeneralidade ou a unha parte importante da veciñanza: 1,5 % dos ingresos brutos procedentes da facturación que obteñan anualmente no termo municipal.	
Ocupación do subsolo de dominio público:	
con cables de calquera tipo, (€/m ao ano):	2,00 €
con entubados para a condución de auga, gas ou petróleo e derivados, (€/m ao ano):	4,5 €
Depósitos de combustible	
Cota por m ² ao ano:	14,00 €
Actividades de carga e descarga (construción, comercio, servizos, mudanzas, etc.)	
Cota diaria por m ²	1,59 €
Cota mínima/ día	20,00 €
Instalacións relacionadas coa construción (valados, andamios, grúas, xilos, etc.)	
Cota ao mes por m ² ou fracción (1º trimestre)	1,00 €
Cota ao mes por m ² ou fracción (2º trimestre)	1,27 €
Cota ao mes por m ² ou fracción (3º trimestre)	1,49 €
Cota ao mes por m ² ou fracción (4º trimestre e seguintes)	1,91 €
Cota mínima/día	48,13 €
Aparatos de pesaxe, venda automática, fotografía e similares, independentes ou pegados a edificios de forma que ocupen voo da vía pública.	
Cota por unidade ao mes:	38,37 €
Cota por unidade ao ano:	281,85 €
Instalacións de carácter permanente (quioscos e similares), adicadas á venda de calquera clase de artigos	
Cota por unidade ao mes:	14,64 €
Cota por unidade ao ano:	103,31 €
Instalacións de carácter temporal (postos, barracas e casetas, etc.) adicadas ao entretemento ou á venda de calquera clase de artigos.	
Cota por m ² ou fracción ao día:	0,101 €
Venda ambulante	
Cota, ao ano	95,56 €

Venda dentro de feiras municipais (prezos por feira)	
Postos de chocolataría, masa frita, patacas fritas, xeados e algodón doce, por metro lineal ou fracción.	3,50 €
Postos de polbo, churrasquerías ou establecementos asimilables, a cota será a suma do importe por caldeiro de cocción, parrilla ou similar e o importe por metro lineal ou fracción de ocupación:	
Por caldeiro de cocción, parrilla ou similar	14,21 €
Por metro lineal ou fracción (primeiros 8 m.l.)	1,43 €
Por metro lineal ou fracción (lonxitude que supere os 8 m.l.)	2,86 €
Outros postos (primeiros 8 m.l.) por metro lineal	1,43 €
Outros postos (lonxitude que supere os 8 m.l.) por metro lineal	2,86 €
Circos e espectáculos análogos.	
Cota por m ² ou fracción ao día	0,37 €
Cota máxima ao día	50,00 €

Artigo 5. Devengo.

1. Utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio publico de carácter permanente: o periodo impositivo coincide co ano natural. O devengo prodúcese o primeiro día do periodo impositivo salvo nos caso de inicio da utilización ou o aproveitamento en que o devengo se produce no momento de concesión da licenza.
2. Utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio publico de carácter temporal: o devengo prodúcese no momento de concesión da licenza ou cando se resolva positivamente a solicitude do interesado.

Artigo 6. Xestión.

Excepto nos casos recollidos nos puntos 1 e 2 do artigo 4 desta ordenanza, a taxa esixirase en réxime de autoliquidación. O pagamento da autoliquidación deberá efectuarse previamente á retirada da licenza.

O pagamento da autoliquidación terá carácter provisional a conta da liquidación definitiva que se practique polo Concello mediante a oportuna comprobación administrativa, unha vez que rematou a utilización ou aproveitamento.

As prórrogas do aproveitamento, máis alá do tempo inicialmente concedido deberán ser obxecto de nova solicitude.

Cando a utilización privativa ou o aproveitamento especial leve parella a destrución ou deterioro do dominio público local, o beneficiario, sen prexuízo do pagamento da taxa a que dese lugar, estará obrigado ao reintegro do custo total dos respectivos gastos de reconstrución ou reparación e ao depósito previo do seu importe.

Disposicion final.

A imposición deste tributo foi acordada en sesión plenaria celebrada o día 27/10/1998. A presente Ordenanza Fiscal foi aprobada en sesión plenaria celebrada o día 27/10/1998, sendo modificada posteriormente en sesións plenarias celebradas os días 26/10/1999, 07/11/2000, 27/11/2001, 29/10/2002, 25/02/2003, 28/10/2003, 27/04/2004, 26/10/2004, 25/10/2005, 31/10/2006, 25/09/2007, 30/09/2008, 03/11/2009. A presente modificación foi aprobada en sesión plenaria de 28/09/2010. Entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia. Comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro de 2011, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Ordenanza fiscal nº 21.- Reguladora da taxa pola ocupación de terreos de uso público por mesas, cadeiras e elementos auxiliares con finalidade lucrativa.

Artigo 1º.- Fundamento e Natureza.

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 20 a 27 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, este Concello establece a "Taxa por ocupación de terreos de uso público con mesas, cadeiras e elementos auxiliares con finalidade lucrativa", que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal, na que súas normas atenden ó previsto no artigo 57 do citado Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Artigo 2º.- Feito Imponible

Constitúe o feito imponible da taxa a ocupación de terreos de uso público con mesas, cadeiras e elementos auxiliares con finalidade lucrativa, de conformidade co disposto no artigo 20.3.I do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Artigo 3º.- Suxeito pasivo.

Son suxeitos pasivos da presente Taxa, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 36 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, que disfruten, utilicen ou aproveiten especialmente o dominio público local, a favor das cales se outorguen as licencias, ou que se beneficie do aproveitamento, se se procedeu sen a oportuna autorización.

Artigo 4º.- Responsables.

Responderán solidariamente das obrigas do suxeito pasivo, as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 39.1 e 40.1 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria.

1. Serán responsables subsidiarios os Administradores das Sociedades e os Síndicos, Interventores ou liquidadores de quebras, concursos, Sociedades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 41 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria.

Artigo 5º.- Cota tributaria.

1. A cota tributaria da taxa regulada nesta Ordenanza será a fixada nas Tarifas contidas no apartado seguinte, atendendo á superficie ocupada polos aproveitamentos expresada en metros cuadrados.
2. As tarifas serán as seguintes:

POR ANO	24,43 €/m ²
---------	------------------------

Artigo 6º.- Normas de Xestión.

1.- Normas de aplicación das tarifas:

As contías esixibles de acordo coa tarifa, liquidaranse por cada aproveitamento solicitado ou efectivamente realizado.

As persoas interesadas na concesión de aproveitamentos regulados nesta Ordenanza fiscal, deberán solicitar previamente a correspondente Licenza, na que conste superficie do aproveitamento e os elementos que se van a instalar, así como un plano ou croquis detallado da superficie que se pretende ocupar e da súa situación dentro do Municipio.

2.- As licenzas para os aproveitamentos regulados na presente Ordenanza, concederanse inicialmente polo prazo de un ano; unha vez autorizada a ocupación entenderase prorrogada anualmente, mentres non se presente a declaración de baixa xustificada polo interesado ou polos seus lexítimos representantes, no caso de falecemento.

3.- A presentación da baixa terá efectos a partir do día primeiro do ano seguinte a aquel na que se presente. Sexa cal sexa a causa que se alegue en contra, a non presentación da baixa determinará a obriga de continuar aboando a taxa.

4.- De conformidade co previsto no artigo 24.5 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, cando a utilización privativa ou aproveitamento especial regulados na presente Ordenanza leven apareladas a destrución ou deterioro do dominio público local, o beneficiario, sen prexuízo do pago da taxa a que houbera lugar, estará obrigado ó reintegro do custo total dos respectivos gastos de reconstrución ou reparación e ó depósito previo do seu importe.

Se os danos fosen irreparables, o Concello será indemnizado en contía igual ó valor dos bens destruídos ou o importe do deterioro dos danados.

O Concello non condonará total nin parcialmente as indemnizacións e reintegros a que se refire o presente apartado.

Artigo 7º.- Exencións e bonificacións.

Non se concederá exención nin bonificación algunha na exacción da presente taxa.

Artigo 8º.- Devengo e período impositivo

O devengo da presente taxa se produce:

- a) Tratándose de novos aproveitamentos da vía pública, no momento de iniciar o aproveitamento do dominio público local, previa solicitude e concesión da correspondente licenza.
- b) Tratándose de concesións de aproveitamentos xa autorizados e prorrogados, o día un de xaneiro de cada ano natural e o período impositivo comprenderá o ano natural.

Artigo 9º.- Declaración de ingreso.

1.- As utilizacións privativas e aproveitamentos especiais derivados da ocupación de terreos de uso público por mesas, cadeiras e elementos auxiliares con finalidade lucrativa suxeitos a presente taxa levaranse a cabo a instancia de parte.

2.- O pagamento das cotas derivadas das autorizacións de novos aproveitamentos, obxecto de liquidación por ingreso directo unha vez concedidas as correspondentes licencias, haberán de pagarse dentro do período de pago establecido na resolución de aprobación da liquidación.

3.- Tratándose de autorizacións xa concedidas e prorrogadas, unha vez incluídas nos correspondentes padróns ou matrículas desta taxa, as cotas serán obxecto de liquidación de ingreso por recibo, e pagaranse nas oficinas das Entidades colaboradoras sinaladas ó efecto e durante o prazo establecido polo Concello no seu calendario fiscal.

Artigo 10º.- Xestión, Liquidación, inspección e recadación.

1.- A xestión, liquidación, inspección e recadación, así como a revisión dos actos ditados na vía de xestión tributaria corresponde a o Concello de Culleredo, de conformidade co disposto na Lei Xeral tributaria e demais leis do Estado reguladoras da materia, así como as disposicións ditadas para o seu desenrolo, consorte co disposto no artigo 12 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

2.- As cotas liquidadas e non satisfeitas no período voluntario, faranse efectivas pola vía de constrinximento, consorte coas normas do regulamento Xeral de Recadación.

3.- Non se consentirá ningunha ocupación de terreos de uso público ata que non se teña aboado o importe da liquidación da taxa pola ocupación de terreos de uso público por mesas, cadeiras e elementos auxiliares con finalidade lucrativa.

4.- As autorizacións terán carácter persoal e non poderán ser cedidas ou subarrendadas a terceiros. O incumprimento deste mandato poderá dar lugar á non concesión da licenza, sen prexuízo das contías que corresponda aboar aos interesados.

Artículo 11º.- Horario de partura.

As terrazas só poderán permanecer abertas ata as 12 horas, salvo nos días da celebración das festas patronais que poderán abrir ata as 3 horas.

Artículo 12º.- Infraccións e sancións.

No relativo a cualificación de infraccións tributarias, así como as sancións que as mesmas correspondan no seu caso, estarase a o disposto nos artigos 77 e seguintes da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, conforme ordena o artigo 11 do Rea Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

DISPOSICION FINAL

A presente Ordenanza Fiscal entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor hasta a súa modificación o derogación expresas."

ORDENANZA FISCAL Nº 22, REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU POLO APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL POR EMPRESAS EXPLOTADORAS DE SERVIZOS DE TELEFONÍA MÓBIL

Artigo 1º.- Fundamento e natureza.

De acordo co disposto no artigo 106 da Lei 7/1985 do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e, de conformidade cos artigos 20 a 27 e 57 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, establécese a taxa pola utilización privativa ou polos aproveitamentos especiais constituídos no voo, solo e subsolo das vías públicas municipais, a favor de telefonía móbil que afecten á xeneralidade ou a unha parte importante da veciñanza.

Artigo 2º.- Feito imponible.

1.- Constitúe o feito imponible da taxa o gozo da utilización privativa, ou os aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo ou voo das vías públicas municipais, a favor de empresas ou entidades explotadoras ou prestadoras de servizos de telefonía móbil que afecten á xeneralidade ou a unha parte importante da veciñanza.

2.- O aproveitamento especial do dominio público producirase sempre que para a explotación ou prestación do servizo de telefonía móbil deban utilizarse antenas, instalacións ou redes que materialmente ocupan o solo, subsolo ou voo das vías públicas municipais, con independencia de que sexa titular daquelas.

3.- En particular, comprenderanse entre os servizos referidos á telefonía móbil e outros medios de comunicación, que se presten, total ou parcialmente, a través de redes ou antenas fixas que ocupan o dominio público local.

Artigo 3º.- Suxeitos pasivos.

1.- Son suxeitos pasivos as empresas ou entidades explotadoras ou prestadoras de servizos de telefonía móbil que afecten á xeneralidade ou a unha parte importante da veciñanza.

2.- Para os efectos da taxa aquí regulada, teñen a consideración de suxeitos pasivos as empresas ou entidades explotadoras de servizos a que se refire o apartado anterior, tanto se son titulares das correspondentes instalacións ou redes, que transcorran

polo dominio público local e que estean instaladas neste e a través das cales se efectúe a explotación ou prestación do servizo de telefonía móbil como se, non sendo titulares das ditas redes, o son de dereitos de uso, acceso ou interconexión a estas.

Artigo 4º.- Responsables.

A responsabilidade, solidaria ou subsidiaria, esixirase, no seu caso, ás persoas ou entidades nos termos previstos na Lei xeral tributaria.

Artigo 5º.- Período impositivo e nacemento da obriga de pagamento.

1. O período impositivo coincide co ano natural salvo nos supostos de inicio ou cesamento na utilización ou no aproveitamento especial do dominio público local, necesario para a explotación ou prestación do servizo de telefonía móbil, casos en que procederá aplicar a pro rata trimestral, conforme ás seguintes regras:

a. Nos supostos de altas por inicio de actividade, liquidarase a cota correspondente aos trimestres naturais que restan para finalizar o exercicio, incluíndo o trimestre en que ten lugar a alta.

b. En caso de baixas por cesamento de actividade, liquidarase a cota que corresponda aos trimestres transcorridos desde o inicio do exercicio incluíndo aquel en que se orixina o cesamento.

2. A obriga de pagamento da taxa regulada nesta Ordenanza nace nos momentos seguintes:

Cando se trate de concesións ou autorizacións de novos aproveitamentos, no momento de solicitar a licenza correspondente.

Cando o gozo do aproveitamento especial a que se refire o artigo 2º desta ordenanza non requira licenza ou autorización, desde o momento que se inicie o citado aproveitamento. Para tal efecto, enténdese que comezou o aproveitamento especial cando se inicia a prestación de servizos aos usuarios que o soliciten.

3. Cando os aproveitamentos especiais do solo, subsolo ou voo das vías públicas se prolonguen durante varios exercicios, o nacemento da obriga de pagamento da taxa terá lugar o 1 de xaneiro de cada ano e o período impositivo comprenderá o ano natural.

Artigo 6º.- Cota tributaria.

Para determinar a contía da taxa aplicaranse as seguintes fórmulas de cálculo:

a) Base imponible

A base imponible, deducida da estimación do aproveitamento especial do dominio público polo servizo de telefonía móbil calcularase:

$$BI = (Cmf * Nt) + (NH * Cmm)$$

Sendo:

Cmf = consumo telefónico medio estimado, por unidade urbana, corrixido polo coeficiente atribuído á participación da telefonía móbil. Será o resultado de dividir a facturación por telefonía móbil dirixida á rede fixa nacional entre o número de liñas de telefonía fixa, segundo os datos obtidos no Informe anual da Comisión do Mercado das Telecomunicacións. O seu importe para o exercicio 2009 é de 58,96euros/ano.

Nt = número de teléfonos fixos instalados no municipio, no ano 2007, que é de 11.251.

NH = 95% do número de habitantes empadroados no municipio. En 2008: 26.286,5 (= 95% sobre 27.670)

Cmm = Consumo telefónico medio estimado por teléfono móbil. O importe para o 2009 é de 286,58 euros/ano.

b) Cota básica:

A cota básica global determínase aplicando o 1,4 por cento á base imponible:

$$QB = 1,4\% s/BI$$

$$\text{Cota tributaria/operador} = CE * QB$$

Sendo: CE = coeficiente atribuíble a cada operador, segundo a súa cota de participación no mercado, incluíndo as modalidades pospago e prepago.

c) Imputación por operadores

Para 2009 o valor de CE atribuíble a cada operador é o seguinte (resultante dos datos do Informe anual da Comisión do Mercado de Telecomunicacións do ano inmediatamente anterior):

Movistar	48,5%
Vodafone	33,4%
Orange.....	16,7%
Yoigo.....	0,7%
Resto	0,7%

Para os efectos de determinar o coeficiente CE, os suxeitos pasivos poderán acreditar ante o Concello, que o coeficiente real de participación no conxunto dos ingresos de telefonía móbil no exercicio correspondente é diferente do considerado no cadro anterior. Neste caso, as autoliquidacións trimestrais axustaranse aplicando o coeficiente declarado polo obrigado tributario. En defecto do dato achegado polos suxeitos pasivos, tomaranse os que se deriven do último informe anual que emitirá a Comisión do Mercado de Telecomunicacións.

Artigo 7º.- Normas de xestión.

- 1.- As empresas explotadoras de servizos de telefonía móbil suxeitos pasivos da taxa deben presentar no Concello, antes do 30 de abril de cada ano, no modelo que aprobe en desenvolvemento da presente ordenanza, declaración-liquidación correspondente ao exercicio inmediatamente anterior.
- 2.- A cantidade a ingresar, de forma simultánea á prestación da declaración-liquidación, polas ditas empresas, será o resultado de minorar a cota tributaria no importe dos pagamentos á conta realizados polo suxeito pasivo no exercicio a que se refira.
- 3.- No suposto en que os pagamentos á conta realizados excedan da contía da cota da taxa, o importe do exceso compensarase no primeiro pagamento a conta que corresponda efectuar tras a presentación da declaración-liquidación.
- 4.- As empresas explotadoras de servizos de comunicacións móbiles, suxeitos pasivos desta taxa, deben autoliquidar e ingresar no Concello, cada trimestre, nos modelos que se aproben en desenvolvemento desta ordenanza, en concepto de pagamento á conta da taxa, o 25% da cota anual resultante de aplicar o establecido no artigo 6º desta Ordenanza.
- 5.- A autoliquidación e ingreso dos pagamentos á conta realizarase nos 20 primeiros días naturais do mes seguinte á finalización de cada trimestre.
- 6.- Aquelas empresas explotadoras de servizos de comunicacións móbiles que iniciasen a actividade, deberán presentar a súa declaración, aplicando os criterios establecidos nesta ordenanza.

Artigo 8º.- Infraccións e sancións tributarias.

En todo o relativo a infraccións tributarias e ás súas distintas cualificacións, así como as sancións que estas correspondan en cada caso, aplicarase a Lei Xeral Tributaria.

Disposicións adicionais.

As ordenanzas fiscais de exercicios futuros poderán modificar o valor dos parámetros Cmf, Nt e Cmm, se así se acorda.

Se non se modifica a presente ordenanza, continuarán sendo de aplicación os parámetros establecidos para o exercicio 2009.

Disposición transitoria.

Aplicarase o contido dos convenios asinados en vigor na data de comezo de aplicación desta taxa, ata a data do seu vencemento.

Disposición final.

A presente ordenanza entrará en vigor o día da publicación do texto íntegro da mesma no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.